# INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

**Grao en Criminoloxía**

**Febreiro 2024**

# Grao en Criminoloxía


- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores


- Plan de Melloras

Abertas Curso 2021-2022
Criterio 1 - Organización e desenvolvemento: AM-01, AM-02, AM-07, AM-08, AM-09
Criterio 2 - Información e transparencia: AM-06
Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade: AM-03
Criterio 5 – Recursos materiais: AM-04, AM-05

Abertas Curso 2022-2023
Criterio 1 - Organización e desenvolvemento: AM-01, AM-03,
Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe: AM-02, AM-04

Abertas Curso 2023-2024
Criterio 1 - Organización e desenvolvemento: AM-01, AM-02, AM-03, AM-05, AM-06, AM-07, AM-08, AM-09, AM-10, AM-11, AM-12, AM-13,
Criterio 3- Sistema de Garantía de Calidade: GCR-02, AM-14
Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe: AM-04
Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento: GCR-01

# Grao en Criminoloxía

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Criminoloxía |
| Mencións/Especialidades | -- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | -- |
| Centro responsable | Facultade de Dereito |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Dereito |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 240 |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Estudo presencial |
| Curso de implantación | 2018/2019 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 18/04/2018 |
| Data renovación acreditación | -- |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Grao en Criminoloxía comenzou a impartirse na USC no curso 2018/2019, unha vez superado o proceso de verificación (ACSUGA y Consejo de Universidades) e implantouse de xeito progresivo, curso por ano académico. Sustitúe aos estudos propios de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública dende o curso 2005-06, e do Diploma Superior en Criminoloxía dende o curso 2011/12. Ambas titulacións reunían os requisitos establecidos na Orden ECI/4171/2004, de 13 de diciembre, para o recoñecemento da equivalencia ao título de Diplomado Universitario aos efectos do acceso ao título de Licenciado en Criminoloxía (Resolución de equivalencia da Dirección Xeral de Universidades de 6 de abril de 2006, Comunicación da Dirección Xeral de Política Universitaria de 28 de maio de 2012).

Os informe de satisfacción do alumnado egresado no curso 2022-2023 arroxa un descenso no grao de satisfacción xeral coa titulación -3.09, fronte ao 3.32 do curso 2021-2022 e ao 3.39 do curso 2020-2021-. Porén, nese mesmo curso académico, o índice de satisfacción do alumnado coa titulación escalou ata o 3.09%, dende o 2.73 do curso 2021-2022 e o 2.27 do curso 2020-2021. De calqueira modo, ambos indicadores preocúpanlle ao centro e motivaron unha acción de mellora para a axenda 2023-2024 consistente na celebración de reunións de periodicidade cuatrimestral entre o equipo decanal e o coordinador, por unha banda, e os delegados dos catro cursos, pola outra. A pesar diso o título está a respostar ás expectativas académicas, científicas e profesionais plasmadas na memoria verificada. O Grao segue a presentar unha considerable demanda, con 828 solicitudes de admisión no curso 2022/23 (968 no 2018/19, 704 no 2019/20, 927 no 2020/21, 728 no 2021/22) e unha nota de corte de acceso de 10.43 (fonte: CIUG), a mais alta dende a súa implantación (9.07 no curso 2018/19, 9.44 no 2019/20, 10.39 no 2020/21, 10.42 no curso 2021/22). No curso académico 2022-2023 a nota media de acceso por preinscripción foi dun 11.26 (fora de 10.15 no curso 2018/19, de 10.16 no 2019/20, de 11.34 no 2020/21 e de 11.36 no 2021/22).

Ademáis de contar cunha gran demanda, o Grao impulsa unha formación cercana á realidade do noso entorno e ás necesidades sociáis. Proporciona unha formación cos coñecementos e competencias requeridos polos sectores que ofrecen posibilidades laborais e profesionais aos graduados Criminoloxía (corpos penitenciarios, servizos sociais, asistencia e atención ás vítimas, centros de menores, Forzas e Corpos de Seguridade, administracións locais e autonómicas, profesións liberais relacionadas coa seguridade privada). Algunhas das ofertas de empleos públicos nos que se desenvolven funcións relacionadas co ámbito da Criminoloxía son: a) convocatorias de prazas para Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (BOE núm. 165, de 12-07-2023: PN Escala Executiva 150; Escala Básica 2458; Corpo da Garda Civil, Escala de Cabos e Guardias 2520); b) Corpo Especial de Institucións Penitenciarias (BOE núm. 303, de 20-12-2023: 90 prazas); c) Corpo de Axudantes de Institucións Penitenciarias (BOE núm. 279, de 22-11-2023: 756 prazas); d) Corpo de Auxilio Xudicial (BOE núm 28, de 01-02-2024: 358 prazas)

**PRINCIPAIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 1.1**

- Analizar con detalle a inserción laboral a empregabilidade: acción de mellora GCR-01 axenda 2023-2024.
- Falta de recoñecemento da Criminoloxía e da capacitación profesional dos criminólogos no ámbito xeográfico do título.
- Mellorar o índice de satisfacción do alumnado coa titulación en xeral: AM-01 axenda 2023-2024.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En termos xerais o cumplimento da memoria verificada do plan de estudos produciuse satisfactoriamente ao longo dos cinco derradeiros cursos académicos e a oferta de materias e asignaturas axústase con carácter xeral ao establecido nela. O Manual de Procesos da Facultade de Dereito incorpora o Procedemento de revisión das guías docentes, para comprobar que se ajustan ao indicado na memoria (https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc).

Conseguiuse poñer en marcha, tras moito esforzo e con éxito, a materia Practicum, moi importante tendo en conta que o seu perfil de competencias lles permite aos estudantes aproximarse ás actividades profesionáis propias dos criminólogos. No listado de recursos, entidades e institución seleccionados polo alumnado para realizar súas prácticas externas figuran as que se indican no seguinte recadro. Compre destacar que na oferta figuraban outros recursos non elixidos.

**OFERTA PRÁCTICAS EXTERNAS CURSO 2022/23**

-Guardia Civil (Comandancias de A Coruña, Pontevedra, Ourense y Lugo) = 7 alumnos
-Laboratorio de Informática Forense Europeo - LIFE (Vigo) = 1 alumno
-Asociación ciudadana de lucha contra la droga - Aclad (A Coruña) = 5 alumnos
-Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro - Incifor (Santiago de Compostela) = 4 alumnos
-Fiscalía de Vigo = 2 alumnos
-Fiscalía de Pontevedra = 2 alumnos
-Unidad de Psicología Forense de la Universidad de Santiago de Compostela = 7 alumnos
-Centro Educativo Avelino Montero (Pontevedra) = 1 alumno
-Centro de Intervención Educativa en Medio Abierto (Lugo) = 1 alumno
-Asociación Galega de Familias de Acollida (Santiago / A Coruña) = 1 alumno
-Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña) = 2 alumnos
-Centro Penitenciario de Bonxe (Lugo) = 2 alumnos
-Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo) = 1 alumno
-Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar (Ourense) = 2 alumnos
-Oficina de Igualdade de Xénero da USC (Santiago de Compostela) = 2 alumnos
-Centro de Menores "Casa da Quintán" (Pontecaldelas) = 1 alumno
-Pintos y Salgado Abogados (Vigo) = 1 alumno
-Asociación Ecos do Sur (A Coruña) = 1 alumno
-Centro de Información á Muller (Ames) = 1 alumno
-Policía Local (Pontevedra) = 4 alumnos
-Secretaría Xeral de Xustiza Penal (Ourense) = 1 alumno

Introducíronse con éxito as actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación establecidos na memoria, que foi obxecto dunha modificación non substancial (proposta polo centro e aprobada polo Consello de Goberno na sesión celebrada o 25 de xuño de 2021) no relativo á organización da materia obrigatoria "Practicum" (G3191426: 16,5 créditos). Na memoria do Grao en Criminoloxía aprobada en Consello de Goberno da USC figuraba unha configuración da mesma que recollía, ademáis das prácticas externas en empresas/institucións, seminarios/conferencias/obradoiros de formación previa ás ditas prácticas. Na aplicación de verificación, sin embargo, esta referencia quedou reducida a unha mera descripción na ficha de resultados da aprendizaxe. Ademáis, as entidades colaboradoras coas que se contactou para a organización das práticas externas non se comprometeron, na súa maior parte, a un número de horas maior ao equivalente a 6 ECTS. Por todo isto, aprobouse a seguinte organización da materia:  Seminarios/conferencias/obradoiros de formación previa ás prácticas: 8.5 créditos; Prácticas externas: 6 créditos Memoria de práticas: 2 créditos.

Asimesmo, a proposta da coordinación do Grao e coa finalidade de que o alumnado obteña o mellor aproveitamento posible no momento de realizar o Practicum, a Comisión Permanente, na súa sesión ordinaria celebrada o 30 de novembro de 2021, acordou por asentimento aprobar a esixencia ao alumnado, para poder formalizar a matrícula mesa mesma materia, de que teñan que ter superadas as seguintes: -Tódalas de primeiro e segundo curso do Grao. -As seguintes de terceiro curso do Grao: G3191321 Delincuencia e xustiza xuvenil G3191323 Penoloxía e ciencia penitenciaria G3191326 Psicoloxía criminal II G3191327 Avaliación e tratamento do delincuente G3191330 Proceso penal G3191331 Psiquiatría forense G3191332 Vitimoloxía -As seguintes materias de cuarto curso de Grao (primeiro semestre): G3191422 Medicina legal e criminalística.

A comisión de docencia e calidade acordou adiar a esixencia destes requisitos académicos para matricularse no "Practicum" ata o curso académico 2023/24 (Xuntanza ordinaria do 12 de setembro de 2022), para non perxudicar as expectativas dos alumnos que xa se atopaban en terceiro curso cando se aprobaron os ditos requisitos académicos.
Polo que se refire aos tamaños dos grupos, o número de alumnos por grupo de teoría nos cursos académicos 2018/19, 2019/20 e 2020/21 mantívose dentro das previsións da Memoria. No caso da docencia práctica nalgunhas materias presentouse unha desviación mínima con respecto ás previsións iniciais (máximo de 25), xestionada con éxito polos responsables docentes. No curso 2021/2022 o elevado -e difícil de prever- número de traslados de expedientes de alumnos procedentes doutros Graos en Criminoloxía alterou a dinámica normal de desenvolvemento das actividades

docentes (teóricas e prácticas) en algunhas materias, creando diferenzas entre o alumnado. Para garantir que se mantivese un número razonable de alumnos, tendo en conta a limitación dos espazos destinados á titulación, as dificultades para artellar as prácticas externas e, en xeral, a necesidade de preservar a calidade das actividades docentes, a Facultade acordou proponer para o curso 2022-2023 unha limitación sustancial dos traslados: unha cota de dúas prazas para os nacionais (aprobada na reunión da Xunta de Facultade de 10 de febreiro).

Con todo, transcurridos xa cinco cursos académicos, entendemos que compre facer una avaliación do programa formativo previsto na memoria do título, en particular con vistas a paliar a excesiva carga xurídica dalgunhas materias (por exemplo “Delincuencia e Xustiza Xuvenil”) e de modificar a oferta de optativas, considerando incluir nela otras vinculadas á intelixencia artificial e ao diseño de programas de reinserción. Con relación a esto último, unha dificultade (non menor) para lograrlo será a falta de profesorado especializado para impartilas en diversas áreas de conocimiento e a excesiva carga docente dalgúns departamentos.

Na seguinte táboa poden verse as materias optativas ofertadas na actualidade e o número de alumnos matriculados nelas nos cursos 2021-2022 e 2022-2023.

**MATERIAS OPTATIVAS GRAO EN CRIMINOLOXÍA E ALUMNOS MATRICULADOS NOS CURSO 2022/23**

G3191441 Dereito Administrativo Sancionador = 3,4
G3191442 Economia da xustiza penal española = 0,7
G3191443 Historia da criminalidade = 14,3
G3191444 Intervencion asistencial en violencia de xénero = 35,62
G3191446 Marketing e opinión publica en criminoloxía = 8,32
G3191447 Seguridade, risco e sociedade = 24,43
G3191448 Historia da violencia colectiva = 33,9

Tal e como se dispón na Memoria, os alumnos que tivesen iniciado os estudos da titulación propia do Diploma Superior en Criminología e non os tivesen finalizado antes da extinción da docencia e, no seu caso, das convocatorias adicionais de avaliación previstas no apartado 10.3 da propia Memoria, poderían efectuar unha adaptación ao novo Grao en Criminoloxía das materias que tivesen superadas, conforme á seguinte táboa:

117101 Criminoloxía I – adaptación a Introdución á Criminología
11702 Dereito Administrativo policial – adaptación a Organización Policial e da Seguridade Pública
117103 Dereito Constitucional – adaptación a Dereitos constitucionais e liberdades públicas
117104 Dereito penal I e 17202 Dereito penal II – adaptación a Dereito penal Parte Xeral
117105 Introdución á Psicoloxía – adaptación a Introdución á Psicoloxía 117106 Introdución á Socioloxía – Introdución á Socioloxía
117107 Penoloxía e Ciencia Penal I e 117108 Penoloxía e Ciencia Penal II – adaptación a Penoloxía e Ciencia Penitenciaria
117201 Criminoloxía II – adaptación a Teorías Criminolóxicas
117203 Estatística aplicada – adaptación a Técnicas de investigación cuantitativa e cualitativa en Criminoloxía
117205 Psicoloxía Criminal – adaptación a Psicoloxía Criminal I e Psicoloxía Criminal II
117206 Socioloxía Criminal – adaptación a Socioloxía Criminal
117301 Criminoloxía III - adaptación a Formas específicas de criminalidade I, Formas específicas de criminalidade II e Formas específicas de criminalidade III
117302 Dereito Penal III – adaptación a Dereito penal, Parte Especial
117303 Dereito procesual penal – adaptación a Proceso penal e Introdución ao dereito Público e ao Sistema de Xustiza Penal
117304 Medicina Legal e Ciencias Forenses – adaptación a Medicina Legal e Criminalística

O aseguramento de adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación realizase a través da

utilización dos criterios de evaluación que veñen fixados na Memoria verificada do Grao e que cada profesor adoptou na súa guía docente. Para a avaliación da aprendizaxe pódense empregar os indicadores relativos ás taxas de éxito (97,5 no curso 2018/19, 98.82 no 2019/20, 92.22 no 2020/21, 89,53 no 2021/22, 86,64 no 2022/23), de rendemento (81,29 no curso 2018/19, 90,37 no 2019/20, 84,77 no 2020/21, 66,22 no 2021/22, 46,76 no 2022/23) e de avaliación (84,29 no curso 2018/19, 83,98 no 2019/20, 91,92 no 2020/21, 71,21 no 2021/22, 49,81 no 2022/23). O apreciable descenso dos indicadores nos cursos 2021/22 e 2022/23 (no que o curso de adaptación desapareceu xa da oferta da USC e os alumnos só tiveron dereito a exame) motivou unha acción de mellora para a axenda 2023/24, consistente na realización dun estudo que permitise levar os resultados á comisión de docencia e calidade (AM-05). Esa acción será de interés para corroborar se o dito descenso garda relación cun cambio significativo do perfil do alumnado do curso de adaptación –xa advertido polos docentes nas reunión de coordinación- e, tamén, para mellorar o coñecemento e definición dos perfís dos interesados en acceder a estudos de Criminoloxía en Galicia.

A Xunta de Facultade, na súa xuntanza de 10 de febrero de 2022, aprobou a proposta da Comisión de Docencia e calidade de non ofertar prazas para o curso de adaptación, unha vez transcurridos catro anos académicos dende a súa implantación e tendo en conta o descenso de matrícula nestes últimos cursos académicos e o cumplimento dos obxectivos académicos perseguidos co mesmo. Os dereitos dos estudantes afectados pola extinción vense garantidos pola normativa de recoñecemeno e transferencia de créditos da USC (aprobada por Consello de Goberno de 23/04/2009). A coordinación, có apoio do PAS vinculado ao Instituto de Criminoloxía, implicouse moi activamente na solución das dúbidas e cuestión plantexadas polos alumnos.

O grado de satisfacción do alumnado saínte do Grao cos programas de mobilidade foi de 3.56 no curso académico 2022-2023 e de 4.51 no curso 2020-2021. O porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 1.5 % no curso 2022-2023 e do 1.71 % no 2021-2022.

Debe reseñarse a dificultade para a realización de convenios de mobilidade no marco do programa Erasmus é doble, pola non implantación do Grao en Criminoloxía no mesmo número de Universidades que outros Graos e a heteroxeneidade dos programas formativos existentes nas que sí o teñen implantado. No curso académico 2022-2023 o únicos vixente é o que a USC ten coa Universidade de Oporto. Propúxose unha acción de mellora para a axenda 2022/2023, dirixida a redoblar o esforzos e contactos con posibles partners. A resultas dela, establecéronse conversas coas Universidades de Braga, Módena-Reggio Emilia, Lovaina e Berlín. Para a axenda 2023-2024 incluiuse unha nova acción de mellora na misma liña de propiciar novos acordos, coa mirada posta nas Universidades de Lausanne, Rotterdam, Amsterdam e Helsinki.

**PRINCIPÁIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 1.2**

-Descenso nos indicadores relativos adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación: acción de mellora 05 axenda 2023-2024.
-Reflexión necesaria sobre a modificación do plano de estudos, contando coas aportacións de axentes externos e internos, e coas recomendación recibidas no proceso de renovación da acreditación do título: acción de mellora 06 axenda 2023-2024.
-Escasa optatividade e falta do profesorado especializado para impartir as materias en diversas áreas de conocimiento
-Escasa mobilidade dos estudantes no marco do programa Erasmus: accións de mellora 03 axenda 2022-2023 e 03 axenda 2023-2024.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:
- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.

- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os mecanismos de coordinación docente que se teñen arbitrado están a funcionar satisfactoriamente e a coordinación en cada materia (secuenciación das actividades formativas teóricas e prácticas, dos contidos e dos sistemas de avaliación) e entre materias (en cada curso académico e en cursos sucesivos) foi adecuada dende o punto de vista da carga de traballo contemplada para o estudante e estivo en consonancia coa adquisición das competencias previstas na memoria. Proba delo é a susencia de queixas importantes sobre o programa de desenvolvemento das asignaturas.

Os esforzos de coordinación vertical y horizontal realizados na titulación se plasmaron na incorporación dos coordinadores de semestre y do coordinador do Grao. Este último levou a cabo as súas funcións en estreita colaboración cos dous vicedecanos con competencias en materia de docencia e cos departamentos implicados no plan formativo. A USC conta con diversos procedementos para desenvover de maneira coordinada os principais aspectos da planificación docente.

A creación da figura do coordinador de semestre, en particular, supón un instrumento moi valioso na coordinación das asignaturas que tratan temáticas cercanas. Encárgase de controlar as incidencias que podan xurdir entre as asignaturas do semestre de cada curso, tentando ponderar o número de horas de traballo autónomo que debe desenvolver o alumnado para evitar acumulacións de tarefas nas mesmas semanas. Recibe as queixas ou peticións dos representantes do alumnado, facendo de enlace có coordinador do Grao. A información sobre as súas funcións publicase nos taboleiros das aulas, comunícase ós delegados de curso e se informa en clase a todo o alumnado, que saberá a quen debe dirixirse para plantexar as dúbidas ou problemas que xurdan no desenvolvemento das clases.

No curso 2022/23 a Comisión de Docencia y Calidade nomeou os seguintes coordinadores de curso:
1º semestre:
Primeiro curso: José María Alonso Moral
Segundo curso: Natalia Pérez Rivas
Terceiro curso: María Dolores Seijo Martínez
Cuarto curso: María Inmaculada Valeije Álvarez
2º semestre:
Primeiro curso: María Begoña López Portas
Segundo curso: Santiago Brage Cendán
Terceiro curso: María Castro Corredoira
Cuarto curso: Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas

Ainda que na reunión da Comisión de Docencia e Calidade do 28 de marzo de 2019 aprobouse un calendario de celebración de reunións e entrega de informes de coordinación -as reunións deben celebrarse nos 10 primeiros días dende o comenzo do cuadrimestre e nos 10 días seguintes ao peche de actas, debendo entregarse en ambos casos as actas-, dende hai tempo a Coordinación do Grao ven constatando a existencia de incidencias e dificultades relacionadas coa escasa asistencia do profesorado ás ditas reunións de coordinación e a celebración dalgunhas de maneira informal, sen levantar acta do desenvolvemento das mesas e dos puntos tratados. Propúxose por elo a realización dunha acción de mellora para a axenda 2023-2024 dirixida, por unha parte, mellorar a asistencia e intervención de todos os responsables docentes do semestre (realizando reunións virtuáis / propoñendo distintas datas alternativas / propiciando que, en caso de non poder asistir, envíen ao/á coordinador/a do semestre por escrito as súas impresións ou consideración) e a reforzar o cumplimento da obriga de formalizar nas actas correspondentes as reunións e os seus contidos e de trasladala por correo electrónico, sen excepción e nun prazo razonable, á coordinación do Grao (AM-07)

Da lecturas das actas das reunións extráense os seguintes aspectos de interés.

O desenvolvemento das clases do curso de adaptación en sistema semipresencial con rotación semanal dos alumnos durante o primeiro semestre do curso 2021-2022 motivou as queixas dalgúns docentes, que non permitía impartir docencia de calidade nas clases prácticas. Al igual que no curso académico 2020-2021, o desenvolvemento das

actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de avaliación correspondeuse co establecido na memoria, se ben coas adaptacións necesarias á situación de pandemia. As ditas adaptacións fixéronse consonte á normativa aprobada pola Universidade (Plan de continxencia para a organización da docencia no curso 2021-2022, aprobado polo Consello de Goberno da USC na sesión de 20 de abril de 2020).

Por outra banda, e froito das dificultades detectadas polos coordinadores debidas ao elevado número de traslados de expedientes, dende a coordinación do Grao trasladóuselle ao equipo decanal a necesidade de limitar sustancialmente os traslados de expedientes nacionales (aprobada pola Xunta de Facultade na súa reunión de 10 de febrero de 2022).Tamén se detectaron problemas derivados da descoordinación dos tempos de descanso entre clases e dos retrasos na notificación aos alumnos e docentes afectados das convalidacions concedidas, problemas que foron obxecto de sendas acción de mellora para o período 2023-2024 (AM-08 e AM-10)

Como xa se avanzou neste informe, a memoria contempla un sistema de prácticas externas a través do cal se lle recoñecen aos alumnos créditos de natureza obrigatoria. Estas prácticas desenvolvéronse por primeira vez no curso académico 2021-2022, mesmo nun ano marcado parcialmente pola pandemia. Realizanse en diversos recursos, entidades e institucións vencellados ó sistema de prevención e persecución do delicto e de intervención cós delincuentes (Guardia Civil, centros penitenciarios, centros de intervención educativa en medio aberto, Instituto de Ciencias Forenses da USC, policías locáis, Unidade de psicoloxía forense da USC e Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, entre outros). Na súa coordinación intervén o coordinador do Grao, có apoio técnico do PAS adscrito ao Instituto de Criminoloxía. O coordinador mantivo entrevistas e conversas cos responsables das prácticas nos ditos recursos, coa idea de armonizar criterios para o desenvolvemento e a avaliación da actividade. Recabouse tamén, a través dunha enquisa, a súa opinión sobre as prácticas e os problemas a que tiveron que facer fronte. O informe final arroxa un índice de satisfacción elevado (4,41 sobre 5, curso 2022-2023). Outro instrumento que se revela valioso para que a coordinación do Grao poda coñecer de primeira man as incidencias e problemas que podan xurdir no desenvolvemento das prácticas é a memoria de prácticas externas, que o alumnado está obrigado a presentar ao remate das mesmas e que inclúe un apartado específico de valoración global das mesmas.

Para a axenda 2021/22 plantexouse como acción de mellora a celebración dunha reunión anual cos titores de prácticas externas co fin de analizar as incidencias advertidas na súa realización. A acción foi executada con éxito. Do falado e acordado na reunión desprendéronse dúas conclusións principáis: a) a satisfacción cos recursos coa actitude, implicación e motivación do alumnado; e b) a necesidade de que se manteña a esixencia de que o alumnado en prácticas teña cursado e superado as materias teóricas que constitúen os requisitos académicos para poder acceder a elas.

Ainda que o centro foi mellorando sustancialmente o protocolo de acollida dos estudantes, coa implicación da coordinación e do equipo de Gobierno de la Facultad, para a axenda 2023/24 plantexouse unha acción de mellora que incorporase ó acto unha presentación en power point e unha visita ás instalaciones e aulas da Facultade e á Biblioteca Concepción Arenal. Esta acción foi culminada con éxito.

O título se imparte únicamente na modalidade presencial.

**PRINCIPAIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 1.3**

-Empregar con maior frecuencia o espazo para a coordinación ou Grao dispoñible non Campus Virtual.
-Existencia de incidencias e dificultades relacionadas coa escasa asistencia do profesorado ás ditas reunións de coordinación e a celebración dalgunhas de maneira informal, sen levantar acta do desenvolvemento das mesas e dos puntos tratados: acción de mellora 07 axenda 2023-2024
-Descoordinación dos tempos de descanso entre clases: acción de mellora 08 axenda 2023-2024
-Axilizar as notificacións das resolucións relativas ás solicitudes de recoñecemento de créditos: acción de mellora 10 axenda 2023-2024
-Mellorar o protocolo de acollida dos estudantes: acción de mellora 09 axenda 2023-2024
-Mellorar a información aos recursos sobre a formación teórica recibida polos alumnos, para poder diseñar mellor os programas de prácticas externas: acción de mellora 02 axenda 2023-2024

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O perfil de ingreso dos alumnos do Grao en Criminoloxía axústase ao establecido na memoria, tal e como amosan os indicadores relacionados có acceso, a admisión e a matriculación. Consonte ós datos relativos á matricula de acceso no curso 2022/2023 (CIUG), o 100% dos alumnos proceden das PAAU (o 4% no 2018/19, o 6% nos cursos 2019/20 e 2020/21 e o 2% no curso 2021/2022 procedían da Formación Profesional). Ese porcentaxe contrasta cos dos tres primeiros cursos en que se impartiu o Grao, que contaban cun porcentaxe elevado de estudantes que cando accederán xa eran titulados (o 42% dos cursos 2018/19 e 2019/20 e o 46% do 2020/21). Na Memoria verificada incluiuse a recomendación de que os alumnos conten con formación previa en materias sociais, humanísticas e técnicas. Tendo en conta o atractivo e interés que o Grao está a xenerar entre toda clase de xóvenes estudantes do noso entorno xeográfico, nos vindeiros cursos irase prestando atención ó perfil real do estudantado, para plantexarnos, no seu caso, un reaxuste da memoria neste punto.

Podemos ver ademáis un perfil vocacional, cunha gran porcentaxe de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez no curso 2022/2023 (84%, CIUG). Apréciase ademáis unha boa preparación do alumnado, xa que tanto nos curso 2022/23 como nos tres anteriores a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis foi do 100%.

No curso 2022/2023, a nota media de acceso por preinscripción foi dun 11.26 (CIUG) (10.15 no 2018/19, 10.16 no 2019/20, 11.37 no 2020/21 e 11.36 no 2021/2022) . A nota de corte foi dun 10.43 (Informe de notas de corte do SUG). Non se contempla ningún complemento formativo para conseguir acadar os obxectivos propostos no primeiro curso do Grao.

**PRINCIPAIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 1.4**

-Avanzar no coñecemento do perfil real de ingreso: acción de mellora 11 axenda 2023-2024

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A aplicación das distintas normativas axústase á Memoria verificada. Neste punto recórdase que a USC ten establecidas normativas reguladoras da permanencia dos estudantes, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, etc.

A USC conta tamén con normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis salientables do proceso formativo. Algunhas son xenerais para o conxunto da Universidade, mentras que outras conforman marcos reglamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. As principais normativas, que se apuntan de sucesivo, poden consultarse nas direccións web:
https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html
https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_masters_normativa.html
https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0412_Normativa_PD.html
https://www.usc.gal/es/normativa/3ciclo/index.html
https://www.usc.gal/es/normativa/Alumnado/index.html
https://www.usc.gal/gl/normativa/estudantes/index.html

-Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC e do procedemento para o aseguramento da súa calidade (aprobado en Consello de Goberno de 28/07/2017 e modificado o 25/01/2024)
-Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 y 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012): Resolución de 3 de decembro de 2014 pola que se acorda a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster
-Normativa de transferencia e recoñecemento

En abril de 2019 aprobouse o Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de Graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. O texto do Regulamento atópase na web da Facultade: https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho/tfg. Docentes e alumnado fixéronlle chegar á coordinación do Grao diversas dúbidas sobre algúns dos contidos do Regulamento (esencialmente sobre a modalidade de TFG consistente na elaboración/presentación dun proxectos e sobre os TFG de autoría colectiva). Ainda que foron resolvéndose con axilidade, como acción de mellora para a axenda 2023/24 propúxose a modificación do Regulamento para precisar todavía máis os requisitos e contidos dos TFG consistentes en proxectos e os de autoría colectiva (AM-12 axenda 2023-2024). A comisión de docencia e calidade da Facultade de Dereito, na súa reunión de 18 de decembro de 2023, acordou o nomeamento dun grupo de traballo para realizar a dita tarefa de revisión do Regulamento. Este grupo preparou xa un borrador que será presentado á dita comisión para a súa aprobación no mes de marzo.

Cada curso apróbanse tamén diferentes resolucións decanais destinadas á ordenación dos procedementos de cambios de grupo ou prácticas externas (no curso 2021-2022 esta última resolución foi aprobada o 23/03/20222).
Existe tamén, como normativa propia del centro, o Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/arquivo e a Normativa de exención de docencia https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/q2ewE1t2wR4rHGzi6MrzvmfbCHTBtkN_R2pVGucKk38/1607584693/public/documents/2020-10/normativa-de-exencion-de-docencia_0.pdf

O Regulamento de réxime interno foi modificado na Xunta de Facultade de 1 de febreiro de 2019, en concreto o seu artigo 44, para engadir, como miembros da Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade de Dereito as persoas que teñan asiñada a Coordinación dos Títulos de Grao da Facultade, tendo en conta a existencia do Grao de Criminoloxía.

Ademais, o equipo de goberno da Facultade de Dereito pensou que era necesario levar a cabo a reforma do Regulamento para incluír un apartado como o segundo do artigo 40 e o segundo do artigo 42 no resto das Comisións estables da Facultade. Respectivamente refírense á posibilidade de que o decano ou decana delegue a presidencia da Comisión de Igualdade e da Comisión de normalización lingüística en calquera membro con vinculación permanente que forme parte da Xunta de Facultade. Esta posibilidade non existía con respecto ao resto das Comisións estables da Facultade, establecendo unha diferenza que parece restar importancia ás dúas Comisións mencionadas. Tal modificación incluíuse como acción de mellora do Grao en Dereito para a axenda 2021/22.

Por acordo da Xunta de Facultade adoptado na sesión ordinaria de 9 de xuño de 2022, aprobáronse as seguintes reformas: nos artigos 32 (composición da Comisión permanente), 34 (composición da Comisión de Docencia e Calidade) e 38 (composición da Comisión de Asuntos Económicos, Infraestructuras e Biblioteca), incorporouse a posibilidade de que se delegue a Presidencia das comisiones en cualqueira membro con vinculación permanente que forme parte da Xunta de Facultade para equiparalas coas comisións de Igualdade e Normalización Lingüística. Nestas últimas incorporouse tamén na composición a figura do secretario/a, que non estaba.

**PRINCIPÁIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 1.5**

- Dúbidas nos docentes e no alumnado sobre algúns dos contidos do Regulamento (esencialmente sobre a modalidade de TFG consistente na elaboración/presentación dun proxectos e sobre os TFG de autoría colectiva): acción de mellora 12 axenda 2022-2023.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: |
| **Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| **2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A páxina web institucional da Facultade de Dereito (https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito) proporciona a información necesaria e de relevancia tanto para a elección destes estudos, como para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe. A información -que se corresponde prácticamente na súa totalidade co contido da Memoria de Verificación- resulta de fácil acceso, ya que está albergada no apartado "Estudos" (https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-criminologia).

É imprescindible, non obstante, incluir na Memoria publicada as dúas modificacións relativas á materia "Practicum" e das que xa se deu conta neste informe: a) a súa reorganización en seminarios/conferencias/obradoiros de formación previa ás prácticas (8.5 créditos), prácticas externas (8 créditos incluindo os correspondentes á memoria de práticas); e b) a esixencia de requisitos académicos para poder formalizar a matrícula. Propúxose unha acción de mellora para a axenda 2023/2024 para tramitar unha modificación da memoria que, incorporando os ditos cambios, servise tamén para adaptar os seus contidos ao RD 822/2021, de 28 de septiembre, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramiento da súa calidade. A Xunta da Facultade de Dereito, na súa reunión de 22 de novembro de 2023, aprobou a tramitación das ditas modificacións relativas á materia "Practicum", como non sustanciais, así como a relacionada coa adscripción do Grao en Criminoloxía ao ámbito de coñecemento interdisciplinar.

A páxina web da Facultade de Dereito foi totalmente remodelada durante o curso académico 2020-2021, cunha web pública (de acceso universal) e unha intranet (de acceso só para os membros da comunidade universitaria). Lanzouse o 4 de maio do ano 2021 e, ainda que se están a facer axustes na mesma, en colaboración coa Oficina Web da USC, o certo é que mellorou notablemente a información sobre as características dos programas formativos dos Graos adscritos ao centro, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados e facilitou a búsqueda intuitiva de información por parte dos distintos grupos de interés. Con todo, era necesario difundir os seus contidos entre eles, para o cal se organizaron xornadas que se incluiron como unha acción de mellora para a axenda 2021/22 (acción de mellora 06). A formación para o PDI do centro levouse a cabo o 13 de decembro de 2022, e para o PAS e alumnado o 27 de marzo de 2023.

As actas dos órganos colexiados da Facultade publicanse na intranet do centro, por ser de interés para os membros da comunidade universitaria da Facultade, no apartado Documentación.
https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx
https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Asuntos-econ%C3%B3micos,-infraestruturas-e-biblioteca.aspx
https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Comisi%C3%B3n-Permanente.aspx
https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Xunta-de-Facultade.aspx

Complementando a información publicada na web da Facultade de Dereito, a páxina web do Instituto de Criminoloxía

(https://www.usc.gal/es/institutos/criminoloxia/) dispón dun apartado específico dedicado ao Grao, no que se inclúe información -xa publicada na dita paxina web institucional do título- especialmente relevante tanto para a elección deste estudos, como o correcto desenvolvemento de certas materias (convocatorias para elección de liña e tutor de TFG, convocatoria de prácticas externas) (https://www.usc.gal/es/institutos/criminoloxia/Grao-en-Criminoloxia.html). A razón para facelo así é que aprezamos nos estudantes a tendencia a buscar a información dirixíndose directamente ao Instituto de Criminoloxía, pola súa tradición na organización dos estudos de Criminoloxía en Galicia. Desta maneia a súa implicación na coordinación do Grao multiplica as facilidades e disposición da Facultade para proporcionar información e atender as consultas relacionadas coa información publicada.

Ademais, a USC articulou un plan de difusión do Título mediante a visita a institutos e centros educativos (Programa “A Ponte”).

Faise tamén un emprego continuo das redes sociais da Facultade (sobre todo, Facebook https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC, Twitter https://twitter.com/Dereito_USC, Instagram https://www.instagram.com/dereito_usc/) e do Instituto de Criminoloxía (Twitter https://twitter.com/icuscompostela). Por esa vía impulsáronse as comunicación có PDI, PAS, alumnos, administración e demáis grupos de interés.

A acción de mellora 08 do Grao en Dereito para a axenda 2020/21 plantexaba, en relación con este criterio, a necesidade de arbitrar un cauce específico para que os distintos grupos de interés poidesen aportar as súas suxerencias de mellora. Así, na intranet da páxina web de Dereito habilitouse unha caixa de “Suxerencias, queixas e felicitacións”: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito

Outro dos mecanismos que se revelou útil para as comunicacións ao alumnado e profesorado en xeral é o de Anuncios da Coordinación do campus virtual, (https://cv.usc.es/course/view.php?id=25563), tendo en conta que de cada anuncio se informa a través dun correo electrónico a todo o PDI e alumnado da Facultade.

**PRINCIPÁIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 2.1**

-Tramitar unha modificación da memoria publicada coa finalidade de incluir dúas modificacións relativas á materia “Practicum”: a) a súa reorganización en seminarios/conferencias/obradoiros de formación previa ás prácticas (8.5 créditos), prácticas externas (8 créditos incluindo os correspondentes á memoria de práticas); e b) a esixencia de requisitos académicos para poder formalizar a matrícula: acción de mellora 13 axenda 2023-2024.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: |
| **Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.** |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>A Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou o 19 de decembro de 2019 o Manual de procesos da Facultade de Dereito, así como a quinta edición do Manuel do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade. Ambos documentos foron obxecto dunha serie de modificacións menores, no relativo ao cambio de denominación de comisións, para adaptalas ás especificidades da Facultade, aprobadas pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito o 1 de outubro de 2021, así como pola Xunta da Facultade de Dereito o 4 de outubro e pola Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, o 6 de outubro de 2021.<br><br>Anualmente, elabórase e apróbase a Memoria de Calidade do Centro, na que se recolle información sobre o seguimento do SGC, os informes de seguimento/renovación da acreditación dos títulos adscritos á Facultade, así como as principais debilidades e as accións de mellora asumidas a nivel de Facultade e dirixidas a eliminalas. Dita memoria publícase na web. A última memoria de calidade foi elaborada e aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro o 24 de maio de 2022; recibiu informe favorable da área de Calidade da USC o 13 de xuño de 2022; foi aprobada pola Comisión permanente da Xunta de Facultade o 15 de xuño de 2021, e informada positivamente pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, o 7 de outubro de 2022.<br><br>No curso 2017/2018 aprobouse o primeiro Plan estratéxico para a Facultade (2017/2020). A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, en reunión do 19 de xaneiro de 2017, por acordo da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. As liñas estratéxicas que se definían e os obxectivos que as desenvolvían estaban en liña co Plan estratéxico da USC 2011/2020. Finalizada a súa vixencia o 31.12.2020, se procedeu con data 26.01.2021 á súa prórroga e renovación, tomando como modelo a Programación Plurianual da USC (2019-2022). Dita prórroga e renovación, aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, o 3 de marzo de 2021, serviu para eliminar obxectivos e/o liñas que, ou ben xa estaban alcanzados, ou ben non se consideran adecuados no momento presente, e para incluír outros de acordo con as directrices da programación plurianual da USC, ou que se desaconsellan na conxuntura actual (https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2021-04/prorroga-y-renovacion-plan-estratexico_0.pdf). Finalizada a vixencia da prórroga, é imprescindible aprobar un novo plan estratéxico para a Facultade de Dereito. No momento de rendir o presente informe a USC está traballando nun Plan Estratéxico Institucional, co fin de aprobalo no Consello de Goberno a celebrar no mes de marzo. A comisión de docencia e calidade da Facultade de Dereito acordou, na súa reunión do 16 de febreiro de 2024, iniciar os traballos para a elaboración do Plan da Facultade, que, en todo caso, seguirá a senda establecida no da Universidade e na Programación plurianual da USC (https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/sxeco/orc/programacion). |

Á marxe das melloras que se poidan acometer nos próximos meses, os procedementos establecidos na actualidade permiten recoller a información de maneira continuada, a análise dos seus resultados e a súa utilización para a mellora da calidade do título de Grao en Criminoloxía.

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, desenvolvéronse de acordo ao establecido, debendo destacarse o impacto positivo que está a ter na calidade do ensino o sistema de coordinación recollido en epígrafes anteriores.

As actas das reunións periódicas que realiza a Comisión de Docencia e Calidade do Centro poñen de manifestó o papel de liderado que xoga no proceso de mellora continua.

Unha das debilidades do SGC é a súa capacidade para xerar indicadores fiables que permitan a a avaliación, tendo en conta que as taxas de participación nas enquisas son baixas. Na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF13) pasou dun 59.91% no curso 2020-2021 a un 34.93% no 2022-2023. Na enquisa de satisfacción coa titulación, a participación no subiu do 5.52% no curso 2022-2023 (foi dun 4.52% no curso 2021-2022). Os datos relativos á participación na enquisa de satisfacción cos programas de prácticas externas arroxan una taxa do 51,72%. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a participación ascendeu dende o 20.83% do curso 2021.2022 ao 25.71% do curso 2022-2023.

É necesario seguir introducindo medidas coas que podamos chegar a niveis de participación que nos permitan conseguir resultados de avaliación que sexan realmente significativos.

Introducíronse como accións de mellora (CGR-02 axenda 2023-2024): organizar unha reunión cos delegados e delegadas de clase para involucralos na tarefa de instar os seus compañeiros a que cubran as enquisas; instar ao profesorado para que animen ao alumnado a cubrilas, deixándolles un tempo da súa clase; e que o coordinador de calidade do centro e o coordinador do Grao acudan, durante o período no que se poidan cubrir as enquisas ás materias dun curso de grao nos descansos de clase, para levar a cabo a mesmas tarefa de animar ao alumnado.

As suxerencias e reclamacións desenvolvéronse de acordo ao establecido. O SGC inclúe procedementos para atendelas e darlles resposta. Calqueira membro implicado na titulación (alumnos, docentes e PAS) poder facer aportacións a través da coordinación do Grao, a comisión de docencia e calidade ou mesmo do buzón de queixas e suxerencias da Facultade.

De acordó có Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), durante o curso 2022/2023 presentáronse 2 queixas e suxestións (que tiveron por obxecto a calificación de actas (1) e a docencia (1), sendo desestimadas as 2 e 1 recurso (sobre dispensa de asistencia a clase, estimado). Trátase dunha cifra de reclamacións, queixas e suxerencias moi baixa, considerando o número de estudantes do título.

Queixas e suxerencias.

| **Titulación / tema** | **Estimada** | **Desestimada** | **Total** |
|---|---|---|---|
| Grao en Criminología | | | |
| Calificacións de Actas [T.AE] | | | |
| 23/00078 | | | |
| Desestimada | | 1 | 1 |
| Docencia [T.DO | | | |
| 22/00135 | | | |
| Desestimada | | 1 | 1 |
| **Total general** | | **2** | **2** |

Recursos:

| Titulación | Estimado | Desestimado | Total |
|---|---|---|---|
| Grao en Criminoloxía (G3191P01) | | | |
| 58 DISPENSA ASISTENCIA A CLASE | | | |
| 2022/OAR01/000130 | 1 | | 1 |

Como acción de mellora para detectar as queixas e reclamación do alumnado, plantexouse para a axenda 2023/2024 a posta en marcha de reunións do/a coordinador/a do Grao cos delegados/as de curso (AM-14). A reunións terá carácter anual.

**PRINCIPÁIS ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 3.1**

-Debilidade dalgúns indicadores de calidade (participación nas enquisas de satisfacción): acción de mellora CGR-02 da axenda 2023-2024
-Mellorar a detección de queixas e reclamación: acción de mellora 14 da axenda 2023-2024.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

O Sistema de Garantía Integral de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua da Facultade de Dereito, permitíndolle alcanzar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela e abrindo o camiño cara a acreditación institucional. Iso conséguese fundamentalmente a través das reunións periódicas que levan a cabo tanto no seo da Comisión de Docencia e Calidade, da que forman parte os coordinadores dos ditos títulos. Ademais lévanse a cabo reunións de coordinación docente, que redundan tamén na proposta de diversas accións de mellora que poden considerarse finalizadas e ás que se alude a continuación.

**Accións de mellora a nivel de Centro**

Como resultado da reflexión e análise dos indicadores achegados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (ACMP) levada a cabo na coordinación e no seo da Comisión de Docencia e Calidade, plantexáronse algunhas accións de mellora de centro incluidas na axenda 2021-2022 do Grao en Criminoloxía:
1ª. Creación, na primeira planta do edificio, e en concreto na zona do Decanato, da Unidade administrativa, para que todo o persoal de administración e servizos da Facultade realizase as súas funcións na mesma oficina, con maior comunicación, coordinación e, por conseguinte, eficacia (AM-05, axenda 2021-2022). Era unha acción relacionada coa Liña estratéxica 5 -Xestión-, obxectivo estratéxico 2 -Fortalecer a unidade de xestión de centros e departamentos-, do Plan estratéxico. Finalizada.
2ª. Organización de xornadas para dar a coñecer a web entre os diferentes grupos de interese: PDI, PAS e

Alumnado. Neste caso a acción de mellora estaba relacionada coa liña estratéxica 1 -calidade da docencia-, obxectivo estratéxico 2 -mellorar as infraestruturas docentes do centro-, acción estratéxica B -mellora da páxina web do Centro no marco da web da USC-. Unha vez remodelada totalmente, era necesario dala a coñecer entre o PDI e o alumnado (AM-06 axenda 2021-2022). A formación para o PDI do centro levouse a cabo o 13 de decembro de 2022, e para o PAS e alumnado o 27 de marzo de 2023. Finalizada.
3ª. Necesidade de incluír distintos procesos no Manual de Procesos da Facultade que, levándose a cabo de facto, non se incluían nel: a) o nomeamento de coordinadores/as de curso, para o primeiro e segundo cuadrimestres; b) o período de celebración de reunións dos coordinadores/as de curso cos docentes, así como a obrigación de entrega de actas das devanditas reunións (a quen se lle entrega, en que prazo máximo ); e c) o nomeamento de delegados/as de grupo por curso (AM-03, axenda 2021-2022). Finalizada.

**Accións de mellora a nivel do título de Grao en Criminoloxía**

1ª A acción de mellora 04 da axenda 2021-2022 propoñía a creación dun espazo adecuado para levar a cabo reunións dos profesores que imparten os seus ensinos no Grao en Criminología e que non contan con despacho propio na Facultade de Dereito, onde poder levar a cabo tarefas de coordinación. En execución desta acción de mellora, habilitouse na terceira planta do edificio un despacho para tal fin, polo que a acción debe considerarse finalizada.
2ª A acción de mellora 07 da axenda 2021-2022 detectaba unha deficiente comunicación entre os titores externos de prácticas e a Coordinación do Grao. Para paliala propoñíase celebrar unha reunión anual cos titores de prácticas externas, có fin de analizar as incidencias advertidas na súa realización. Por motivos de axenda, a acción non se pudo executar ata o 27 de xuño de 2023, polo que debe considerarse finalizada.
3ª Na acción de mellora O8 da axenda 2021-2022, ante o descoñecemento do alumnado sobre o TFG e as técnicas que deben usarse na súa elaboración, propoñíase convocalo anualmente para unha sesión informativa e preparatoria. A tal fin foi convocado con data 29 de outubro de 2021, para o curso 2021-2022 (e o 27 de outubro de 2022, para o 2022-2023). A acción de mellora debe entenderse polo tanto finalizada.
4ª Ante o descoñecemento da materia Practicum do alumnado, a acción de mellora O9 da axenda 2021-2022 propoñía celebrar reunións con él para dala a coñecer. A tal fin, celebráronse reunións o 25 de marzo de 2022 (para o curso 2021-2022) e o 6 de outubro de 2022 e 3 de febreiro de 2023 (para o curso 2022-2023), incorporándose xa a partir dese momento como un proceso propio do título. Finalizada.
5ª No curso 2021/2022 o elevado -e difícil de prever- número de traslados de expedientes de alumnos procedentes doutros Graos en Criminoloxía alterou a dinámica normal de desenvolvemento das actividades docentes (teóricas e prácticas) en algunhas materias, creando diferenzas entre o alumnado. Para garantir que se mantivese un número razonable de alumnos, tendo en conta a limitación dos espazos destinados á titulación, as dificultades para artellar as prácticas externas e, en xeral, a necesidade de preservar a calidade das actividades docentes, a acción de mellora 01 da axenda 2022-2023 plantexaba unha limitación sustancial dos traslados: unha cota de dúas prazas para os nacionais (aprobada na reunión da Xunta de Facultade de 10 de febreiro). Finalizada.
6ª A acción de mellora 05 da axenda 2022-2023 plantexaba impulsar o establecemento de novos convenios de mobilidade con Universidades europeas, ante a escasa mobilidade dos estudantes no marco do programa Erasmus. Ao longo dese curso dende a coordinación do Grao establecéronse contactos a través do correo electrónico coas Universidades de Braga, Módena-Reggio Emilia, Lovaina e Berlín. Por razón de oportunidade, que non de falta de interés, estas dúas últimas excluiron esa posibilidade. Non así Braga e Módena-Reggio Emilia, coas que seguen as conversas.
7ª A acción de mellora 04 da axenda 2022-2023 partía do chamativas que resultan as taxas de éxito, rendemento e avaliación de certas materias, bastante alonxadas das que presentan as outras materias. Convocouse aos profesores a unha reunión telepresencial o día 03/07/2023, as 13:00 horas, para valorar esa circunstancia, e indicaron as diversas razóns que, ao seu xuizo, a explicabana (efectos colaterales da pandemia, componentes actitudinales). Todos coincidiron, non obstante, na necesidade de reconducir a situación e na súa disposición para elo. Finalizada.
8ª A acción de mellora 02 da axenda 2022-2023 tiña como causa a necesidade de achegar máis información sobre a consecución dos resultados da aprendizaxe,e propoñía celebrar reunións cos titores de prácticas externas. A reunión tivo lugar o 27/06/2023, amosando os recursos unha satisfacción xeralizada coas competencias adquiridas polo alumnado e trasladándolle, ao mesmo tempo, á coordinación a conveniencia de dispoñer de máis información sobre a formación teórica que proporciona o Grao, para poder diseñar mellor os programas e actividades de prácticas externas. Este último aspecto motivou unha nova acción de mellora

para o curso 2023-2024 (AM-02).
9ª A acción de mellora 09 da axenda 2023-2024 propoñía mellorar o protocolo de acollida dos novos estudantes, incorporando ó acto unha presentación en power point e unha visita ás instalacions e aulas da Facultade e á Biblioteca Concepción Arenal. O novo protocolo púxose en marcha o día 11 de setembro de 2023, no acto de acollida correspondente ao curso 2023-2024. Finalizada.
10ª A acción de mellora 11 (axenda 2023-2024) plantexaba a realización dunha enquisa na xornada de recepción e acollida aos novos estudantes do Grao, na que se lles pregunte, entre otras cousas, polas causas da súa elección por estes estudos, polas vías empregaron para obter información da titulación e polas súas expectativas laboráis, todo elo coa finalidad de obter mais información sobre o perfil real do estudantado matriculado no título. A enquisa realizouse o día 11 de setembro de 2023, arroxando como dato mais significativo a orientación ou preferencia moi clara do alumnado por saídas relacionadas coas Forzas e Corpos de Seguridade e a información obtida por internet. Finalizada.
11ª A acción de mellora 10 da axenda 2023-2024 traía causa da detección de problemas derivados dos retrasos na notificación aos alumnos e docentes afectados das convalidaciones concedidas e plantexaba trasladar a necesidade de que se axilice a notificación aos servizos implicados (o servizo de matrícula e a secretaría administrativa da Facultade de Dereito). Tras o escrito que o coordinador do Grao lles dirixiu á decana do centro e á xestora académica, con data 1 de novembro de 2023, trasladóuselle a información (verbal) de que a causa dos retrasos está na práctica habitual da unidade de matrícula de non remitir os expedientes non conforme van chegando, senón por bloque, por razón de mellor organización e xestión do traballo. Finalizada.
12ª A acción de mellora 13 da axenda 2023/2024 referíase á necesidade de tramitar unha modificación da memoria que, incorporando os cambios na materia “Practicum” xa aprobados pola Universidade (a súa reorganización en seminarios/conferencias/obradoiros de formación previa ás prácticas e prácticas externas, dunha banda, e a esixencia de requisitos académicos para poder formalizar a matrícula, doutra), servise tamén para adaptar os seus contidos ao RD 822/2021, de 28 de septiembre, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramiento da súa calidade. A Xunta da Facultade de Dereito, na súa reunión de 22 de novembro de 2023, aprobou a tramitación das ditas modificacións relativas á materia “Practicum”, como non sustanciais, así como a relacionada coa adscripción do Grao en Criminoloxía ao ámbito de coñecemento interdisciplinar. Finalizada.

Con relación aos informes de avaliación externa, o informe de verificación facía para a mellora da proposta as seguintes observacións:

CRITERIO 4: ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES
A) “Se indican el número de plazas ofertadas, pero no el de estudiantes matriculados en las diversas ediciones del título. Se debe aportar información”.
A USC facilitou a información requirida tanto do número de alumnos matriculados en cada unha das edicións como do número de alumnos que obtiveron o título, que son os que poderían acceder directamente ao curso de adaptación.
B) “Se debe asegurar un número suficiente de personal docente para llevar a cabo este curso de adaptación en relación con el número de plazas ofertadas y con las materias a impartir en el curso de adaptación. Se debe tener en cuenta que se pretende implantar el primer curso del grado y el curso de adaptación en el 2018/2019, por lo que se deben mostrar evidencias de que se dispone del personal adecuado y suficiente para la impartición de ambos, contando con que pueden ser admitidos hasta 100 estudiantes”.
A USC aportou unha táboa coas áreas responsables de la docencia de estos dos cursos, de cuxo contido se desprendía que coa incorporación de profesorado durante o curso 2017/2018, tal e como se contemplaba na memoria, máis as contratacións previstas para o 2018/2019 todas as áreas de coñecemento que participaban na impartición do título tiñan os recursos suficientes para cubrir a docencia asignada, tanto do primeiro curso como do curso ponte, e mesmo do segundo curso a implementar no 2019/2020. Naquelas áreas nas que se podía apreciar un remanente moi reducido, como Economía Aplicada, poderíase asignar a docencia a unha área afín como Econometría, que disponía de máis recursos. Igualmente poderíase facer con Psicoloxía Social, cuxa docencia se podería asignar á área de Psicoloxía Organizacional Xurídico Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento (área propia), que é dun ámbito disciplinar similar.
C) “Se deben describir los recursos humanos de los que dispuso la enseñanza a reconocer. Se debe aportar información agregada del personal vinculado al título propio: categoría académica, tipo de vinculación a la Universidad, experiencia docente, investigadora y/o profesional y su adecuación a los ámbitos del

conocimiento vinculados al título propio. Se establecerá una correspondencia entre dicho profesorado y el del título oficial al que se quiere equiparar".
A USC aportou a dita información, realizando un análisis comparativo de los recursos del título propio y de la propuesta del título oficial
- CRITERIO 6: RECURSOS HUMANOS
A) "La información que se incluye en la memoria en relación a los recursos humanos es contradictoria ya que por un lado se afirma que la USC dispone en estos momentos de los recursos humanos necesarios en las diferentes áreas de conocimiento involucradas en la docencia del grado que se pretende implantar pero, a continuación, se reconoce que para el 2017/2018 hay cuatro áreas con dificultades para asumir la docencia aunque solo una de ellas Derecho Penal, tendría que impartir docencia en el primer curso de implantación del grado, al establecer un calendario de implantación gradual, curso por curso. Sin embargo, no se ha tenido en cuenta o no consta explícitamente en la memoria, que en el curso 2018/2019, en caso de autorizarse la puesta en marcha del título, se pretende implantar también el curso de adaptación al grado, en el que se ofertan 50 plazas, además de las 50 ofertadas para primer curso, habiendo asignaturas de 2º, 3º y 4º, además del Trabajo de Fin de Grado, por lo que la situación puede ser todavía peor. Se debe garantizar explícitamente que se dispone del personal necesario.
En cuanto a la solución que se da para paliar el déficit en el área de Derecho Penal, asignar la docencia a otras áreas afines, no se considera adecuada a las necesidades formativas de esta titulación. La especialización por áreas es lo que garantiza que se adquieran los conocimientos y competencias necesarias asociadas al título, por lo que se debe concretar qué áreas afines serían las capacitadas o adecuadas para impartir esta formación.
En lo que respecta las otras áreas deficitarias, no se establece una previsión real para los próximos años de implantación del título, solamente se indica que 'en ese horizonte todas las áreas afectadas tendrían recurso'. Se debe, por tanto, aportar información que permita asegurar la viabilidad de la propuesta adjuntando una previsión de calendario de incorporación del personal necesario no disponible, especificando su perfil global de forma similar a como se ha descrito el personal disponible o un compromiso explícito de la Universidad donde se garantice la dotación de personal de acuerdo a las necesidades del grado".
Antes do comezo do curso 2017/2018 e ata o 2018/2019 da implantación (dous anos) a situación das áreas de coñecemento nas que había dificultades estaban pendentes de aprobación da contratación de recursos, de forma que para o curso 2018/2019 a suficiencia de recursos para a implantación do título, tanto do primeiro curso como do curso ponte, estaba asegurada. Por outra banda, a área de Dereito Penal non plantexa en principio problema, xa que, malia a xubilación dun catedrático no curso 2018/19, tras as incorporacións de profesorado que se foron producindo a partir do curso 2017/2018 (2 profesores asociados T3-P3, 1 profesora contratada de sustitución a Tempo Completo, 1 profesora titular) ten capacidade suficiente para cubrir o encargo docente. Debe advertirse, con todo, que a dita área non conta co deseable colchón de superávit en capacidade docente.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Xa nos referimos (3.1) a que a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, o 19 de decembro de 2019, aprobou o Manual de procesos da Facultade de Dereito, así como a quinta edición do Manuel do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, documentos aprobados pola Comisión permanente da Xunta da Facultade de dereito, con data 23 de xullo de 2019. Tamén fixemos mención a que ambos os documentos foron obxecto dunha serie de modificacións menores, no relativo ao cambio de denominación de comisións, para adaptalas ás especificidades da Facultade, aprobadas pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito o 1 de outubro de 2021, así como pola Xunta da Facultade de

Dereito o 4 de outubro e pola Comisión De calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, o 6 de outubro de 2021. Continuando co xa manifestado no apartado anterior, o bo funcionamento do SGC deriva en plans de mellora cuxas accións alcanzan un altísimo nivel de eficacia. A labor da Comisión de Docencia e Calidade do centro neste sentido é encomiable, cunha alta periodicidade nas súas reunións. Os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, membros do comité consultivo etc.) participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese. As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade no centro que busca a mellora continua da titulación do Grao en Criminoloxía. Preténdese que, tamén en referencia a él, a Facultade de Dereito da USC sexa un referente tanto no SUG como no conxunto do sistema universitario español.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa na impartición do Grao en Criminoloxía conta coa cualificación docente e investigadora esixida, tanto o PDI con vinculación contractual como funcionarial. Como se mostra na documentación proporcionada, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total con docencia no curso 2022-2023 é do 84,38% (prácticamente igoal ao do curso 2021-2022: 84,13%), mentres que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é do 54,69%, un pouco superior ao 52,38% do curso 2021/2022 Nesta liña de valoración da experiencia docente e investigadora, é interesante o dato de que a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 87,80%.

O perfil académico dos profesores asignados ao primeiro curso de Grao e ao Traballo Fin de Grao é perfectamente axeitado, atendendo ás evidencias sinaladas. O perfil é igualmente axeitado nos demais cursos do Grao en nas prácticas externas, dato avalado polo grao de satisfacción coa docencia impartida (3.99 sobre 5, vid. IN13) e coas prácticas externas curriculares (3,99 sobre 5, vid. Panel de Indicadores), cuxa coordinación a nivel de título recae no coordinador do Grao. O procedemento de asignación de prazas comeza pola convocatoria realizada pola coordinación a unha reunión co alumnado matriculado na devandita materia. Xunto coa convocatoria inclúese a relación de prazas de prácticas externas ofertadas. O chamamento ao alumnado faise por orde da súa media de expediente académico. As entidades e recursos que forman parte da oferta (no curso 2022/23 os que figuran na táboa que se reproduce a continuación) comunican á coordinación os nomes e contactos dos titores profesionáis, que serán os encargados de elaborar o informe final.

**Recursos e entidades de prácticas externas para o curso 2022/23**

-Guardia Civil (Comandancias de A Coruña, Pontevedra, Ourense y Lugo) = 7 alumnos
-Laboratorio de Informática Forense Europeo - LIFE (Vigo) = 1 alumno
-Asociación ciudadana de lucha contra la droga - Aclad (A Coruña) = 5 alumnos
-Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro - Incifor (Santiago de Compostela) = 4 alumnos
-Fiscalía de Vigo = 2 alumnos
-Fiscalía de Pontevedra = 2 alumnos
-Unidad de Psicología Forense de la Universidad de Santiago de Compostela = 7 alumnos
-Centro Educativo Avelino Montero (Pontevedra) = 1 alumno
-Centro de Intervención Educativa en Medio Abierto (Lugo) = 1 alumno
-Asociación Galega de Familias de Acollida (Santiago / A Coruña) = 1 alumno
-Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña) = 2 alumnos
-Centro Penitenciario de Bonxe (Lugo) = 2 alumnos
-Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo) = 1 alumno
-Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar (Ourense) = 2 alumnos
-Oficina de Igualdade de Xénero da USC (Santiago de Compostela) = 2 alumnos
-Centro de Menores "Casa da Quintán" (Pontecaldelas) = 1 alumno
-Pintos y Salgado Abogados (Vigo) = 1 alumno

En relación cos docentes titores de TFG: son os departamentos os que propoñen, en función das liñas de investigación dos docentes, unha listaxe de titores (PDI) por liña temática; despois de ser debidamente convocados, os alumnos proceden á selección de titor/liña de traballo, de acordo con os procedementos establecidos na normativa aplicable (Regulamento de TFG do Grao en Criminoloxía). A elección de titor e liña por parte do alumnado realízase en función da nota media do expediente, multiplicada polo número de créditos superados que non excedan os 180 créditos ("Na devandita reunión, que se celebrará non máis tarde do 15 de outubro, chamarase aos alumnos e alumnas para elixir por orde da nota media simple dos seus expedientes académicos multiplicada polo número de créditos que teñan superados na titulación, cun máximo de 180 créditos. No caso de empate realizarase no momento un sorteo para determinar a orde de elección". En documento adxunto (PDF) damos conta dos TFGs defendidos durante o curso 2022-2023, cos títulos dos traballos, titores/as e cualificación.

Polo que se refire aos tamaños dos grupos e a suficiencia do profesorado para desenvolver as súas funcións e atender aos estudantes, xa se indicou que o número de alumnos por grupo de teoría nos cursos académicos 2018/19, 2019/20 e 2020/21 mantívose dentro das previsións da Memoria. No caso da docencia práctica nalgunhas materias presentouse unha desviación mínima con respecto ás previsións iniciais (máximo de 25), xestionada con éxito polos responsables docentes. No curso 2021/2022 o elevado -e difícil de prever- número de traslados de expedientes de alumnos procedentes doutros Graos en Criminoloxía alterou a dinámica normal de desenvolvemento das actividades docentes (teóricas e prácticas) en algunhas materias, creando diferenzas entre o alumnado. Para garantir que se mantivese un número razonable de alumnos, tendo en conta a limitación dos espazos destinados á titulación, as dificultades para artellar as prácticas externas e, en xeral, a necesidade de preservar a calidade das actividades docentes, a Facultade acordou proponer para o curso 2022-2023 unha limitación sustancial dos traslados de expendiente: unha cota de dúas prazas para traslados nacionais (aprobada na reunión da Xunta de Facultade de 10 de febreiro).

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), oportunidades de formación docente a través da celebración de diversos cursos. Algúns destes están especialmente enfocados aos docentes das títulacións ofertadas pola Facultade de Dereito (https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PFID). No curso 2022/23 a

porcentaxe de PDI adscrito ao Grao que realizou algún curso foi do 16,90%, un pouco inferior ao 20,29 do curso 2021/22 e moi inferior ao 51.79% do curso 2020/2021. Á evolución deste indicador prestaráselle unha atención especial nos vindeiros cursos académicos.

Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores: https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional. No curso 2021/22, a porcentaxe de profesores do Grao en Criminoloxía que participaron en programas de mobilidade (sobre o total dos profesores do título) durante o curso 2022/2023 foi dun 5.71 (do 8.33 no curso 2021/22).

A calidade da docencia e dedicación ao alumnado ven acreditada polo IN46G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, curso académico 2022/2023, avala este dato, ao darse unha valoración media alta (un 3.99 sobre 5).

No apartado do cumprimento pola Universidade dos compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado, neste mesmo informe se deu conta de que o informe de verificación da memoria facía algunhas observacións a propósito das dificultades dalgunhas áreas (en particular Dereito penal) para asumir a docencia e dos inconvenientes de asignarlla a otras áreas afins, tendo en conta que "La especialización por áreas es lo que garantiza que se adquieran los conocimientos y competencias necesarias asociadas al título, por lo que se debe concretar qué áreas afines serían las capacitadas o adecuadas para impartir esta formación".
Respondendo a estas observacións, a USC informou que antes do comezo do curso 2017/2018 e ata o 2018/2019 da implantación (dous anos) a situación das áreas de coñecemento nas que había dificultades estaban pendentes de aprobación da contratación de recursos, de forma que para o curso 2018/2019 a suficiencia de recursos para a implantación do título, tanto do primeiro curso como do curso ponte, estaba asegurada. No caso concreto da área de Dereito Penal, non plantexa en principio problema, xa que, malia a xubilación dun catedrático no curso 2018/19, tras as incorporacións de profesorado que se foron producindo a partir do curso 2017/2018 (2 profesores asociados T3-P3, 1 profesora contratada de sustitución a Tempo Completo, 1 profesora titular) ten capacidade suficiente para cubrir o encargo docente. Debe advertirse, con todo, que a dita área non conta co deseable colchón de superávit en capacidade docente.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:
- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de administración e servizos que desenvolve o seu labor na Facultade de Dereito é capaz de atender a todo o PDI e estudantes, da Facultade, como cuestión de feito, o cal non supón que sexa suficiente; supón que é moi voluntarioso. De acordo con o I-16-Información sobre ou persoal de apoio, o Centro conta con 13 membros de PAS, aínda que non todos prestan servizos ao Grao en Criminoloxía no curso 2022/23 (sucede cos destinados no CEDE, por exemplo). Destácase a antigüidade no posto e na escala, superior aos 14 anos excepto en tres casos.

Deles, o PAS vinculado ao Instituto de Criminoloxía (1 xefa de negociado) é o que, con diferencia, ten maior implicación na xestión do título, cun papel determinante na axilización dos procesos de

reconecemento e transferencia de ECTS, elección-asignación de liña e titor de TFG e elección-asignación de destino de prácticas. Para o desenvolvemento desas función conta co apoio da xestora de centro e resto do persoal da secretaría do decanato, do persoal de conserxería, os técnicos da área de tecnoloxías da información e das comunicacións da USC (ATIC).

Todo o PAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de PAS que alixeire a excesiva carga de traballo de xestión que na actualidade é asumida polo PDI. A Universidade de Santiago de Compostela ofrece oportunidades aos membros do PAS para actualizarse e continuar coa súa formación. No curso académico 2022/23 un salientable 53,85% do PAS adscrito á Facultade de Dereito realizou algún curso.

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As infraestruturas son satisfactorias, posto que se ampliou o aulario coas novas Aulas 12, 13, 14, 15 e 16. As restantes aulas adaptáronse na medida na que a estrutura do edificio o permitiu, equipándose con tomas de corrente e mellorando a cobertura da rede wifi; Tamén se procedeu a equipar á facultade cunha Sala para Videoconferencias. Instaurouse tamén un servizo de préstamo de ordenadores portátiles para os estudantes. Máis información sobre as aulas da Facultade atópase na web: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/equipamentos / https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/horarios

Existe unha sala de estudo/ lectura con extenso horario de apertura nas épocas próximas á realización de exames e manuais e textos de consulta; aula con computadores; etc. Recentemente tense dotado á Sala de Lectura con puntos de conexión á rede eléctrica, para facilitar a conexión de ordenadores. Tamén se mellorou o mobiliario existente, con fin de que o alumnado poida desenrolar a actividade de estudo e traballo persoal con maior comodidade e instalouse unha nova iluminación LED proporcionando unha

mellor eficiencia enerxética. Asemade, a Sala de lectura conta na actualidade con aire acondicionado para minorar a excesiva calor que se sofre sobre todo nos períodos de avaliación próximos ó verán.

Por outra banda, procedeuse á instalación de ordenadores fixos nas aulas así como á renovación de proxectores, cámaras para videoconferencia e demais equipamento.

A Facultade de Dereito conta coa Biblioteca Concepción Arenal nas súas proximidades, cunha superficie 7.410 m2 na que se pon a disposición dos seus usuarios as seguintes salas: Salas de lectura (3 andares inferiores): 1.030 postos de lectura; Sala de Traballo en grupo con 30 postos; 2 Salas de Formación con 60 postos; Salas de Investigación (2 andares superiores): 75 postos individualizados; Depósito: Con fondo antigo (obras desde o século XVI).

En canto ao equipamento do que tamén dispoñen os alumnos de Criminoloxía, sinálase o seguinte

- Nº de Escáner : 1
- Nº de PCs para consulta do catálogo da BUSC: 7
- Nº de PCs para consulta de bases de datos e Internet: 2
- Nº de portátiles en préstamo: 11
- Nº de Fotocopiadoras: 3
- Nº de Lector–reprodutor de microformas: 2

A Biblioteca "Concepción Arenal" -que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC)- reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento xurídica e criminolóxica (vide Inf.2. Informe sobre recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria). Os fondos bibliográficos están diferenciados en libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente, e libros de investigación. Na Sala de Lectura dos tres andares inferiores da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos estudantes, en libre acceso. O resto do fondo bibliográfico está situado nos dous andares superiores, onde se atopan as obras de investigación, tamén en libre acceso, agás o fondo antigo (anterior a 1940). Na Hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos computadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 176.890 volumes de monografías e 5.134 títulos de revistas en papel das cales 523 recíbense periodicamente (dic. 2014). A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), permite o acceso desde a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas. Como no resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, ofértanselle aos seus usuarios servizos de consulta en sala, préstamo a domicilio, intercampus e interbibliotecario, fotodocumentación, acceso á colección electrónica, información bibliográfica e formación de usuarios no uso e aproveitamento dos recursos documentais e do propio servizo bibliotecario.

A través da páxina web da biblioteca (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria) ofrécese ampla información sobre a BUSC e pódese acceder ao catálogo automatizado, repositorio *Minerva,* préstamo de libros electrónicos *PreLo*, coleccións dixitais e outros servizos vía web. Desde hai varios anos, a Biblioteca Concepción Arenal (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-concepcion-arenal) está presente ademais nas redes sociais a través do blogue *Fonte Limpa*, *Facebook*, *Google+, Issuu*, *Pinterest* o *Flickr*.

No capítulo de persoal, a biblioteca conta cun cadro de persoal integrado por 18 persoas, que se ocupan de que os usuarios reciban a atención e os recursos que precisan. O horario de apertura habitual é de luns a venres, de 8.30 h a 21.30 h, e de 10 a 19.30 en sábados, domingos e festivos de todo o ano. Ademais, en datas de exames, a Biblioteca Concepción Arenal oferta un horario extraordinario ata as 3.00 h, e de 24 horas, incluídos os sábados, domingos e festivos.

O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha

ferramenta de apoio fundamental nas seguintes materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grao en Criminoloxía, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC: ofrece formación presencial e online en Competencias Informacionais en tres niveis: básico (alumnado de primeiros cursos), avanzado (orientada ao TFG e TFM), e experto (dirixido a doutoramento e PDI).

A Biblioteca xoga un papel fundamental na difusión e valoración da investigación do PDI da Facultade co mantemento ao día da sua producción científica, tanto monografías coma artículos, capítulos de libro e teses de doutoramento no catálogo da Biblioteca, en Dialnet, e nos seus rexistro persoais de ORCID. Asimesmo fai unha aposta decidida pola difusión da ciencia en aberto co mantemento do repositorio da USC MINERVA con esa produción científica en os TFGs e TFMs mellor cualificados.

A biblioteca conta con rede wifi en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.

A consecuencia da nova situación derivada do COVID-19 a Facultade de Dereito subscribiu o acceso ao texto completo de todos os libros que a editorial Tirant on line ten na sua Biblioteca Virtual, e que inclue moitos dos manuais das bibliografías recomendadas o acceso é a través do enlace que hai na compilación de recursos ReBUSCa da Biblioteca a través do enlace é: https://rebusca.usc.gal/az.php?s=132982 / https://biblioteca-tirant-com.ezbusc.usc.gal/cloudLibrary/home/index

A Universidade de Santiago de Compostela conta cunha extensa rede inalámbrica que da cobertura á totalidade dos edificios dos Campus de Santiago de Compostela e Lugo. Esta rede está constituída por máis de 800 puntos de acceso en máis de 100 edificios, configurando unha das redes inalámbrica máis extensas de Galicia. Proporciona servizos como EDUROAM (para PDI, PAS e Alumnos), tanto dentro da USC así como os membros doutras universidades europeas que estean adheridos á iniciativa eduroam.

Ademais, é posible acceder aos recursos electrónicos que ofrece a BUSC desde fóra do domino USC é a través do servizo de proxy autenticado da USC. Este servizo é só para usuarios autorizados: PDI, PAS e Investigadores. Nas propias instalacións da Facultade sitúase o Centro de Estudos e Documentación Europea (http://www.usc.es/es/servizos/cede/), centro de xestión de coñecemento ao servizo da comunidade universitaria, que tamén forma parte da Red Europe Direct. No caso dos recursos bibliográficos postos a disposición de PDI e Alumnado para facer fronte á nova situación derivada da pandemia, non é necesario o proxy, de xeito que o alumnado tamén pode acceder.

Tanto o edificio da Facultade de Dereito como o da Biblioteca Universitaria “Concepción Arenal” áchanse plenamente adaptados ás necesidades das persoas con problemas de mobilidade, dispoñendo de accesos practicables para as mesmas a todos os seus espazos. Incorporouse un desfibrilador en cada centro (uso por persoal debidamente formado dos dous centros) e a finais de decembro de 2015 procedeuse á instalación de portas automáticas que melloran non só a accesibilidade senón tamén a eficiencia enerxética do edificio (teña en conta que a Facultade participa activamente no Plan de Desenvolvemento Sostible da USC (https://www.usc.gal/gl/usc/institucional/desenvolvemento-sostible). Existen puntos verdes e de reciclaxe nas instalacións. En aras desa eficiencia enerxética, nestes momentos, a Biblioteca está cambiando gran parte da súa instalación lumínica, por pantallas de tipo LED, dada a amplitude horaria que mantén o Servizo.

Tal e como se xustificou, os fondos bibliográficos e demais recursos docentes son suficientes e están debidamente actualizados. A nova situación derivada da pandemia obrigou á Biblioteca Concepción Arenal a habilitar, nos seus orzamentos, unha partida para mercar libros electrónicos que poidan axudar ao estudo neste tempo de docencia virtual, sobre todo ó sector do alumnado.

Ademais, a subscrición a bases de datos de lexislación e xurisprudencia, garanten a actualidade e accesibilidade de información relevante aos nosos alumnos, PDI e PAS. A nova situación derivada da pandemia do COVID-19 levou a eliminar a obriga de acceso proxy a estas bases de datos.

Por último, existe a ferramenta do Campus Virtual, ferramenta que da soporte aos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela. A plataforma institucional, baseada en Moodle, proporciona unha contorna educativa virtual a través do cal se logra unha boa

integración na docencia e favorécese o proceso de aprendizaxe (https://cv.usc.es/). A nova situación derivada da pandemia, obrigou tamén a facer melloras na contorna de ensinanza aprendizaxe virtual, aumentando a súa capacidade, mellorando a formación do profesorado no seu emprego (tanto no que fai referencia á docencia como á avaliación) e a activar outras opcións de docencia interactiva como pode ser Microsoft Teams.

Nos últimos anos, e a pesar da conxuntura económica desfavorable, acometéronse obras de adaptación e mellora das instalacións, en ocasións financiadas a través de accións de mellora da propia Universidade e noutras, a través da captación de recursos externos por parte do centro. En concreto:

1º. Reforma das aulas 12, 13, 14, 15 e 16 co fin de habilitar mais espazos de docencia interactiva (para grupos pequenos).

2º. Substitución de moquetas por tarimas nos despachos do profesorado. Esta era unha exixencia do Servizo de prevención de riscos.

3º. Reforma dos aseos do alumnado da planta baixa; en concreto, nalgún deles, para mellorar a accesibilidade de alumnado con mobilidade reducida.

4º. Instalación de 7 fontes de auga fría nos corredores da Facultade.

5º. Adquisición de sillas ergonómicas para o profesorado, seguindo tamén as indicacións do Servizo de prevención de riscos.

6º. Instalación de 15 báculos e luminarias para o exterior da Facultade, demandada tanto por profesorado como polo alumnado da facultade.

7º. Adquisición de mobiliario para a aula 18: proxecto piloto con postos móbiles que converten a aula en polivalente (útil tanto para docencia interactiva como expositiva).

O Centro carece de servizos propios de orientación académica e orientación profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola propia Universidade de Santiago de Compostela a través de distintas oficinas tales como a OIU (https://www.usc.es/gl/servizos/oiu), sen prexuízo de que desde o Decanato da Facultade e desde a Conserxería aténdanse a certas demandas de información por parte dos alumnos. É relativamente frecuente que os alumnos acudan a profesores/ titores/ coordinadores en procura de orientación non só académica, senón tamén profesional, polo que no Plan estratéxico 2017/2020 téñense contemplado actuacións ao respecto (creación dun programa de orientación para estudantes de novo ingreso e un programa *mentoring* con titores académicos da Facultade -Liña estratéxica 1 do Plan Estratéxico 2017/2020-).

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As actividades académicas desenvólvense seguindo os distintos períodos previstos na programación académica anual da Universidade de Santiago de Compostela (PDA, POD, calendarios de clases e exames, etc).

As actividades de ensino/aprendizaxe e de avaliación apóianse en boa medida no Campus Virtual da USC, que, xestionado polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) da Universidade, ofrece recursos docentes en internet e un soporte para cursos virtuais que veñen utilizando, con carácter cada vez máis xeneralizado, como recurso de apoio para a docencia (vid supra o disposto en materia de recursos materiais e servizos - Criterio 5). Como xa diximos, a nova situación derivada da pandemia, ten situado a estas ferramentas de docencia virtual no centro da actividade actual de docencia, e mesmo de avaliación.

Á ferramenta Moodle (campus virtual) únense outras como pode ser o Microsoft Teams.

Con carácter xeral, as guías docentes, elaboradas anualmente polos profesores para cada unha das materias, son as encargadas de establecer os obxectivos, contidos da materia (programas debidamente actualizados), competencias a adquirir, metodoloxía, bibliografía recomendada, recomendacións para o estudo da materia así como o sistema de avaliación e a valoración de cada unha das actividades realizadas polo estudante, para outorgar a cualificación final. Esta información recóllese na web de modo individualizado para cada materia.

Dado que no curso 2021/22 rematou a implantación do Grao en Criminoloxía, para a avaliación da aprendizaxe únicamente podemos empregar os indicadores relativos ás taxas de éxito, de rendemento e de avaliación. Propúxose como acción de mellora para a axenda 2022-2023 levar a cabo unha reunión con todos os titores-coordinadores de prácticas para obter información valiosa sobre a consecución dos resultados da aprendizaxe e a adquisición das competencias previstas na memoria.

**ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 6.1**

-Trasladarlles aos recursos máis información sobre a formación teórica que proporciona o Grao, para poder diseñar mellor os programas e actividades de prácticas externas: acción de mellora 02 axenda 2023-2024.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tal e como se puxo de manifesto ao comezo deste Informe, a demanda da titulación de Graduado en Criminoloxía é moi alta, con 828 solicitudes de admisión no curso 2022/23, cunha nota de corte de acceso desde o bacharelato de 10,43 . A nota media do alumnado admitido foi de 11,27 (alumnos de bacharelato, **2503038_INF CIUG__2022-2023**). O número de prazas ofertadas no curso 2022/23 foi de 50 (**IN01G**), e o alumnado de todos os cursos ascende a un total de 266 (**IN02G**). Neste curso foron un total de 20 os alumnos que trasladaron o seu expediente para cursar a titulación, 68 accederon a través das PAAU e 2 coma titulados (**IN03G**). No curso 2022/23 54 alumnos se matricularon no primeiro curso (**IN04G**). A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación teñen nota media igual ou superior a 6 no 100% dos casos (**IN07G**). Xeográficamente a interese da titulación circunscríbese na meirande parte ao ámbito galego (91,66% do total) (**2503038_INF16_2022-2023**).

Analizaremos agora os principais indicadores.

Polo que respecta á **TAXA DE ÉXITO** (relación créditos superados dos presentados), **no curso 2022/23 a media global foi dun total de 94,45% (IN35G)**, na línea de cursos anteriores (2021/2022 un 91,39%, 2020/21 un 92,22%, 2019/20 un 98,31%), e superior a taxa de eficiencia estimada na Memoria para a verificación do título oficial do Grao en Criminoloxía (Apartado 8.1 no que se estimaba unha taxa de eficiencia superior ó 85%). A materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 92,59%; G3191102 - Fundamentos de informática un 93,10%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 100%; G3191104 – Introdución á socioloxía un 100,00%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 96,36%; G3191106 – Economía da actividade delituosa un 98,15%; G3191107 – Introdución á criminoloxía un 91,23%; G3191108 – Introdución á psicoloxía un 100%; G3191109 – Introdución ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 85,19%; G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 87,30%; G3191221 – Delincuencia e control social un 98,08; G3191222 – Dereito penal: parte xeral un 71,43%; G3191223 – Organización policial e da seguridade pública un 88,52%; G3191224 – Socioloxía criminal un 90,00%; G3191225 – Técnicas de investigación cuantitativa e cualitativa en criminoloxía un 100%; G3191226 – Dereito penal: parte especial un 91,38%; G319127 – Intervención psicoeducativa na delincuencia un 100%; G3191228 – Predición e prevención da delincuencia un 100%; G3191229 – Psicoloxía criminal I un 100%; G3191230 – Teorías criminolóxicas un 87,04%; G3191321 – Delincuencia e xustiza xuvenil un 76,71%; G3191322 – Formas específicas de criminalidade I un 97,44%; G3191323 – Penoloxía e ciencia penitenciaria un 100%; G3191324 – Política Criminal un 100%; G3191325 – Sistema político e políticas públicas de seguridade en España un 96,08%; G3191326 – Psicoloxía criminal II un 100%; G3191327 – Avaliación e tratamento do delincuente un 98,25%; G3191328 – Formas específicas de criminalidade II un 98,53%; G3191329 – Mediación penal e resolución de conflitos un 80,88%; G3191330 – Proceso penal un 92,31%; G3191331 – Psiquiatría forense un 100% e G3191332 – Vitimoloxía un 98,18%; G3191421 - Formas específicas de criminalidade III un 100%; G3191422 - Medicina legal e criminalística un 97,78%; G3191423 - Psicoloxía xurídica e forense un 97,87%; G3191425 - Traballo fin de grao un 100%;

G3191426 – Prácticum un 100%; G3191427 - Dereito Internacional Penal un 90%; G3191441 - Dereito administrativo sancionador un 100%; G319141942 – Economía da Xustiza Penal Española un 100%; G3191443 - Historia da criminalidade un 100%; G3191444 - Intervención asistencial en violencia de xénero un 100%; G3191446 - Marketing e opinión pública en criminoloxía un 100%; G3191447 - Seguridade, risco e sociedade un 100%; G3191448 - Historia da violencia colectiva un 100%. (**2503038_INF17_2022-2023**).

Ainda que as porcentaxes dalgunhas materias se apartan da media (G3191321 – Delincuencia e xustiza xuvenil, un 76,71%; G3191222 – Dereito penal: parte xeral, un 71,43%), a desviación non é tan acusada como para motivar unha acción de mellora, o que non quita para que o centro siga observando a evolución dese dato.

Polo que respecta á **<u>TAXA DE RENDEMENTO</u>** (relación entre créditos superados e os créditos matriculados), **no curso 2022/23 a media global foi dun total do 86,92% (IN34G**), na línea de cursos anteriores (no 2019/20 un 86,19%; no 2020/21 un 84,77%; no 2021/2022 un 82.83), e superior a taxa de rendemento estimada na Memoria para a verificación do título oficial do Grao en Criminoloxía (Apartado 8.1 no que se estimaba unha taxa de rendemento superior ó 80%). A materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 87,72%; G3191102 - Fundamentos de informática un 90%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 94,55%; G3191104 – Introdución á socioloxía un 96,15%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 89,83%; G3191106 – Economía da actividade delituosa un 91,38%; G3191107 – Introdución á criminoloxía un 86,67%; G3191108 – Introdución á psicoloxía un 94,34%; G3191109 – Introdución ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 79,31%; G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 82,09%; G3191221 – Delincuencia e control social un 98,08; G3191222 – Dereito penal: parte xeral un 71,43%; G3191223 – Organización policial e da seguridade pública un 78,26%; G3191224 – Socioloxía criminal un 90%; G3191225 – Técnicas de investigación cuantitativa e cualitativa en criminoloxía un 97,96%; G3191226 – Dereito penal: parte especial un 91,38%; G319127 – Intervención psicoeducativa na delincuencia un 97,96%; G3191228 – Predición e prevención da delincuencia un 98%; G3191229 – Psicoloxía criminal I un 97,96%; G3191230 – Teorías criminolóxicas un 85,45%; G3191321 – Delincuencia e xustiza xuvenil un 72,73%; G3191322 – Formas específicas de criminalidade I un 95,00%; G3191323 – Penoloxía e ciencia penitenciaria un 100%; G3191324 – Política Criminal un 96,61%; G3191325 – Sistema político e políticas públicas se seguridade en España un 89,09%; G3191326 – Psicoloxía criminal II un 100%; G3191327 – Avaliación e tratamento do delincuente un 96,55%; G3191328 – Formas específicas de criminalidade II un 94,37%; G3191329 – Mediación penal e resolución de conflitos un 71,34%; G3191330 – Proceso penal un 86,75%; G3191331 – Psiquiatría forense un 98,33% e G3191332 – Vitimoloxía un 94,74%; G3191421 - Formas específicas de criminalidade III un 100%; G3191422 - Medicina legal e criminalística un 93,62%; G3191423 - Psicoloxía xurídica e forense un 92%; G3191425 - Traballo fin de grao un 69,39%; G3191426 – Prácticum un 97,78%; G3191427 - Dereito Internacional Penal un 83,72%; G3191441 - Dereito administrativo sancionador un 100%; G319141942 – Economía da Xustiza Penal Española un 100%; G3191443 - Historia da criminalidade un 90,91%; G3191444 - Intervención asistencial en violencia de xénero un 100%; G3191446 - Marketing e opinión pública en criminoloxía un 90,63%; G3191447 - Seguridade, risco e sociedade un 100%; G3191448 - Historia da violencia colectiva un 94,74%. (**2503038_INF18_2022-2023**).

Chaman a atención os indicadores de algunhas materias (G3191329 – Mediación penal e resolución de conflitos, un 71,43%; G3191222 – Dereito penal: parte xeral, un 71,43%; Delincuencia e xustiza xuvenil, un 72,73%; G3191425 - Traballo fin de grao un 69,39%) que se apartan claramente da media, polo que se propuxo como acción de mellora para a axenda 2023-2024 (AM-04) unha reunión dos coordinadores do cuatrimestre cos profesores encargados delas con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron estas porcentaxes tan baixas e adoitar medidas oportunas que melloren esas taxas de rendemento. No caso do traballo fin de grao, a reunión será do coordinador do título cos docentes encargados de titorizalo.

Polo que respecta á **<u>TAXA DE AVALIACIÓN</u> no curso 2022/23 a media global foi dun total do 92,03% (IN36G)**, na línea de cursos anteriores (no 2019/20 un 90%; no 2020/21 un 91,92%, no 2021/22 un 90,63%). A materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 94,74%; G3191102 - Fundamentos de informática un 96,67%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 94,55%; G3191104 – Introdución á socioloxía un 96,15%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 93,22%; G3191106 –

Economía da actividade delituosa un 93,10%; G3191107 – Introdución á criminoloxía un 95%; G3191108 – Introdución á psicoloxía un 94,34%; G3191109 – Introdución ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 93,10%; G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 94,03%; G3191221 – Delincuencia e control social un 100%; G3191222 – Dereito penal: parte xeral un 100%; G3191223 – Organización policial e da seguridade pública un 88,41%; G3191224 – Socioloxía criminal un 100%; G3191225 – Técnicas de investigación cuantitativa e cualitativa en criminoloxía un 97,96%; G3191226 – Dereito penal: parte especial un 100%; G319127 – Intervención psicoeducativa na delincuencia un 97,96%; G3191228 – Predición e prevención da delincuencia un 98%; G3191229 – Psicoloxía criminal I un 97,96%; G3191230 – Teorías criminolóxicas un 98,18%; G3191321 – Delincuencia e xustiza xuvenil un 94,81%; G3191322 – Formas específicas de criminalidade I un 97,50%; G3191323 – Penoloxía e ciencia penitenciaria un 100%; G3191324 – Política Criminal un 96,61%; G3191325 – Sistema político e políticas públicas se seguridade en España un 92,73%; G3191326 – Psicoloxía criminal II un 100%; G3191327 – Avaliación e tratamento do delincuente un 98,28%; G3191328 – Formas específicas de criminalidade II un 95,77%; G3191329 – Mediación penal e resolución de conflitos un 88,31%; G3191330 – Proceso penal un 93,98%; G3191331 – Psiquiatría forense un 98,33% e G3191332 – Vitimoloxía un 96,49%; G3191421 - Formas específicas de criminalidade III un 100%; G3191422 - Medicina legal e criminalística un 95,74%; G3191423 - Psicoloxía xurídica e forense un 94%; G3191425 - Traballo fin de grao un 69,39%; G3191426 – Prácticum un 97,78%; G3191427 - Dereito Internacional Penal un 93,02%; G3191441 - Dereito administrativo sancionador un 100%; G319141942 – Economía da Xustiza Penal Española un 100%; G3191443 - Historia da criminalidade un 90,91%; G3191444 - Intervención asistencial en violencia de xénero un 100%; G3191446 - Marketing e opinión pública en criminoloxía un 90,63%; G3191447 - Seguridade, risco e sociedade un 100%; G3191448 - Historia da violencia colectiva un 94,74%. (**2503038_INF19_2022-2023**).

Neste caso é a materia G3191425 - Traballo fin de grao a que, cun 69,39%, se aparta claramente da media, polo que se propón como acción de mellora unha reunión do coordinador do título cos docentes encargados de titorizalo, con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron esta porcentaxe e adoitar medidas que a melloren.

**ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 7.1**

-Existen materias con unha porcentaxe inferior de taxas de rendemento e avaliación: acción de mellora 04 axenda 2023-2024.

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Da información facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado e dos integrantes dos demais grupos de interese, son axeitados á titulación.

1. SATISFACIÓN DO ESTUDANTADO:

* Os estudantes do Grao en Criminoloxía mostran un alto grao de satisfacción coa docencia recibida, sendo esta dun 3.99 sobre 5.0. (**IN46G**), a terceira máis alta dos últimos cinco anos (no curso 2021/22 foi dun 4,09 sobre 5 e no curso 2020/21 dun 3,96 sobre 5. A enquisa foi realizada polo 34,93% dos estudantes (**2503038_INF13_2022-2023**).

*Asemade os estudantes do Grao en Criminoloxía mostran tamén un alto grao de satisfacción cos programas de prácticas externas, sendo dun 3.99 sobre 5 (**IN19G**).

* A taxa de éxito dos egresados nesta titulación é de un 98,19% (**IN50G**), sendo o grao de satisfacción xeral

dos egresados coa titulación dun 3.09 sobre 5 (**IN42G**).

2. SATISFACIÓN DO PDI:
Neste apartado debemos salientar o elevado índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida: un 4.27 sobre 5 (foi do 4,29 no curso 2021/22 e do 4,14 no 2020-21). A porcentaxe de participación do PDI nas enquisas en relación debe mellorarse (foi do 38,57% no curso 2022/2023 2 do 43,06% no 2021.2022). Propúxose para elo unha acción de mellora para a axenda 2023-2024 consistente na indicación aos coordinadores de cuatrimestre de que nas reunión cos docentes insistan na importancia de que participen. Tamén cabe salientar que a nota de satisfacción xeral co curso é dun 4.39 (próximo ao 4.47 do curso 2021/2022).

3. SATISFACIÓN DO PAS:
No caso do PAS, no curso 2022/23, a porcentaxe de participación nos plans de formación foi dun 53,85%, un pouco inferior á de anos anteriores (2021-2022: 69,23%; 2020-2021: 60%; 2019-2020: 83,33% e 2018-2019: 58,33%) (**5025_I6-I7_2022-2023**). Ademáis, a satisfacción media do PAS coas actividades formativas foi dun 8.27 sobre 10 (foi do 8,29 no curso 2021-2022) (**5025_INF.11_2022_2023**). Asemade, a satisfacción xeral do PAS co seu traballo foi dun 3,67 sobre 5 (**5025_INF.21__2022_2023**)

**ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 7.2**

-Ainda que o grao de participación nas enquisas por parte dos alumnos e PDI do Grao en Criminoloxía é máis elevado que no Grao en Dereito, todavía está lonxe do obxectivo de acadar un grao de participación máis representativo: acción de mellora GCR-02 axenda 2023-2024

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:
- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Polo que se refire á inserción laboral dos Graduados e Graduadas en Criminoloxía, hai que salientar que non existen datos ó respecto, tendo en conta que o curso 2018/2019 foi o primeiro ano de implantación do Grao en Criminoloxía. Con todo, se propón unha acción de mellora coa finalidade de establecer contacto cos alumnos recén egresados para saber da súa inserción laboral e a súa traxectoria profesional. Deste xeito, proponse recabar, durante o acto de defensa do TFG, a autorización dos alumnos para establecer contacto con eles con fin de obter tales datos.

**ASPECTOS A MELLORAR CRITERIO 7.3**

Falta de información sobre a inserción laboral e traxectoria profesional dos recén egresados: acción de mellora GCR-01 axenda 2023-2024

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
| --- | --- |
| **MODIFICACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **Criterios** | **Nº** | **Evidencia / Indicador** | **Documento/enlace** |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-criminoloxia |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Docencia-e-Calidade.aspx<br><br>https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Comisi%C3%B3ns-Comisi%C3%B3n-de-Asuntos-econ%C3%B3micos,-infraestruturas-e-biblioteca.aspx<br><br>https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePagefrans/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Comisi%C3%B3n-Permanente.aspx<br><br>https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-dereito/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Xunta-de-Facultade.aspx |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | PDF |
| 1 | E7 | Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación | VISITA |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2503038_P.Ind_2022-2023<br>2503038_INF.16_2022-2023<br>2503038_INF.CiUG_2022-2023 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | Non procede, é un Grao |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2503038_P.Ind_2022-2023<br>2503038_INF03_2022-2023 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | https://www.usc.gal/gl<br>https://www.usc.gal/es/centro/facultad-derecho<br>https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-criminoloxia<br>https://www.usc.gal/es/institutos/criminoloxia/ |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/calidade/documentacion-sgc |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7 |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2503038_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.04_2022-2023 |
| | | | 5025_INF.05_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.06_PLN.TCT.PRCTCUM.GRAO.RD1393_20072022_2023 |
| | | | 2503038_INF.07_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.09_2022-2023 |
| | | | 5025_INF.10_2022-2023 |
| | | | 5025_INF.11_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.13_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.14_2022-2023 |
| | | | 5025_INF.21_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.22_2022-2023 |
| | | | 2503038_INF.23_2022-2023 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2503038_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 2503038_Informe_de_indicadores_2022-2023 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 2503038_E15_2022-2023 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5025_E16_2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4 |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5025_I6-I7_2022-2023 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5025_I6-I7_2022-2023 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2503038_INF.13_2022-2023<br>2503038_INF.14_2022-2023 |
| 4 | I9 | Porcentaxe de profesorado do título evaludado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos | Non existe DOCENTIA na USC |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5025_I10_2022-2023 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito<br><br>https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria<br><br>https://rebusca.usc.gal/az.php?s=132982<br><br>http://www.usc.es/es/servizos/cede/ |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-dereito/plan-accion-titorial |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | PDF |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | PDF |
| 5 | E21 | Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título | VISITA |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | https://cv.usc.es/ |
| 5 | E23 | Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas | VISITA |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | PDF |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 2503038_INF.15_2022-2023 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6 |
| 6 | E27 | Documentación para a revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exames e outras probas de evaluación realizadas, ...) | VISITA |
| 6 | E28 | Traballos fin de grao/máster seleccionados | VISITA |
| 6 | E29 | Informes de prácticas | VISITA |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7 |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono | 2503038_P.Ind_2022-2023<br>2503038_INF.17_2022-2023<br>2503038_INF.18_2022-2023<br>2503038_INF.19_2022-2023<br>2503038_MedUSC_2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | - Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 2503038_ INF_SIIU_2022-2023 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 2503038_P.Ind_2022-2023<br>2503038_INF.CiUG_2022-2023 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia | 2503038_P.Ind_2022-2023 |

ACCIÓNS DE MELLORA ACTIVAS (As xa finalizadas poden verse no apartado 3.2 deste informe)

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 (Curso 2021-2022) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Detectada a dificultade de compatibilización de horarios nas semanas de interactivas para o alumnado que arrastra materias de cursos anteriores. |
| Definición/ descrición proposta | No momento de elaborar os horarios facer coincidir as semanas de interactivas dos cursos 1º e 3º, por un lado, e 2º e 4º, por outro. |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2021 |
| Estado/Eficacia<br>Resposable | Estado: Activa<br>Santiago Brage Cendán |
| Indicador asociado<br>Meta | Horarios dos 4 cursos afectados<br>Facer coincidir as interactivas en dous deles |

| **Código** | AM-02 (Curso 2021-2022) |
|---|---|
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Observamos que as reunións de coordinación estanse centrando na análise da situación vivida nas aulas e incluso no rendemento do alumnado, e non tanto nun foro onde se reflexione sobre a necesaria coordinación entre materias. Unha das funcións esenciais destas reunións de coordinación sería que o profesorado estivera de común acordo pra non cargar excesivamente de traballos ó alumnado nas semanas de aulas interactivas. |
| Definición/<br>descrición proposta | Necesidade de que o profesorado de cada curso e semestre poñan en común, de forma coordinada, as tarefas encomendadas ó alumnado durante esas semanas, e que o fagan coa debida antelación. Isto redundará, non só nun mellor aproveitamento pra o alumnado, senon tamén nunha mellor comunicación e coordinación entre o profesorado sobre os contidos que se imparten simultáneamente en cada semestre, comunicación que actualmente é prácticamente inexistente. |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2021 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe |
| Indicador asociado<br>Meta | Tarefas das semanas de interactivas nos 4 cursos<br><br>Posta en común con antelación das taredas encomendadas en 2 dos 4 cursos |

| | |
|---|---|
| **Código** | GCR-01 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento<br>Criterio 7– Indicadores de satisfacción e rendemento |
| Análise causa | Non existen datos relativos á inserción laboral dos Graduados e Graduadas en Criminoloxía, tendo en conta que o curso 2018/2019 foi o primeiro ano de implantación do Grao en Criminoloxía. |
| Definición/<br>descrición proposta | Proponse recabar, durante o acto de defensa do TFG, a autorización de alumnos para establecer contacto con eles con fin de obter tales datos. |
| Datas | Finalización: 30/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, Santiago Brage Cendán |
| Indicador asociado<br>Meta | Número de autorizacións acadadas<br>20 autorizacións |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento<br>Criterio 7– Indicadores de satisfacción e rendemento |
| Análise causa | O grao de satisfacción do alumnado egresado e do alumnado coa titulación son mellorables. |
| Definición/<br>descrición proposta | Proponse a celebración de reunións de periodicidade cuatrimestral entre o equipo decanal e o coordinador, por unha banda, e os delegados dos catro cursos, pola outra. |
| Datas | Finalización: 30/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Santiago Brage Cendán |
| Indicador asociado<br>Meta | Grao/tasa de satisfacción do alumnado egresado e do alumnado<br>Incrementalo no curso 2023/2024 |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-02 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Propuestas de mejora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Os titores de das prácticas externas solicitan dispoñer de máis información sobre a formación teórica recibida polos alumnos, para poder diseñar mellor os programas de prácticas. |
| Definición/<br>descrición proposta | Trasladarlles aos recursos / institucións de prácticas información máis exhaustiva sobre as competencias adquiridas polos alumnos que acollen, no mesmo correo electrónico no que se lles informa sobre o alumnado que os elixiu. |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, Santiago Brage Cendán |
| Indicador asociado<br><br>Meta | Porcentaxe de recursos/institucións satisfeitos coa información trasladada<br><br>50% dos recursos/institución satisfeitos |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-03 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Escasa mobilidade dos estudantes no marco do programa Erasmus |
| Definición/<br>descrición proposta | Impulsar o establecemento de novos convenios de mobilidade con Universidades europeas |
| Datas | Finalización: 31/10/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe |
| Indicador asociado<br>Meta | Número de novos convenios<br>Dous |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-04 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 6– Resultados de aprendizaxe |
| Análise causa | Chama a atención a taxa de rendemento dalgunhas materias, que se apartan claramente da media. A materia G3191425 - Traballo fin de grao se aparta claramente da media no relativo á taxa de avaliación. |
| Definición/ descrición proposta | Se propón como acción de mellora unha reunión dos coordinadores do cuatrimestre cos profesores encargados delas con fin de recabar información axeitada que permita entender as diferentes causas que motivaron estas porcentaxes tan baixas e adoitar medidas oportunas que melloren esas taxas de rendemento. No caso do traballo fin de grao, proponse como acción de mellora unha reunión do coordinador do título cos docentes encargados de titorizalo. |
| Datas | Finalización: 30/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, Santiago Brage Cendán |
| Indicador asociado<br>Meta | Taxas de rendemento e avaliación nas materias afectadas<br>Incrementalas |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-05 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Descenso nos indicadores relativos á adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación |
| Definición/<br>descrición proposta | Realización dun análise das causas do descenso de indicadores. A acción é de interés, tamén, para mellorar o coñecemento e definición dos perfís dos interesados en acceder a estudos de Criminoloxía en Galicia. |
| Datas | Finalización: 30/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas, comisión de docencia e calidade |
| Indicador asociado<br><br>Meta | Indicadores relativos á adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación<br>Incrementalos |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-06 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Propuestas de mejora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Transcurridos catro cursos académicos, entendemos que compre facer una avaliación do programa formativo previsto na memoria do título, en particular con vistas a paliar a excesiva carga xurídica dalgunhas materias (por exemplo "Delincuencia e Xustiza Xuvenil") e de modificar a oferta de optativas |
| Definición/<br>descrición proposta | Reflexión sobre a modificación do plano de estudos, contando coas aportacións de axentes externos e internos, e coas recomendación recibidas no proceso de renovación da acreditación do título |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, comisión de docencia e calidade |
| Indicador asociado<br><br>Meta | Celebración de reunións centradas na posibilidade de modificar o plano de estudos<br>Dúas reunións |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-07 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Dende hai tempo a Coordinación do Grao ven constatando a existencia de incidencias e dificultades relacionadas coa escasa asistencia do profesorado ás ditas reunións de coordinación e a celebración dalgunhas de maneira informal, sen levantar acta do desenvolvemento das mesas e dos puntos tratados |
| Definición/<br>descrición proposta | Impulsar a mellora da asistencia e intervención de todos os responsables docentes do semestre (realizando reunións virtuáis / propoñendo distintas datas alternativas / propiciando que, en caso de non poder asistir, envíen ao/á coordinador/a do semestre por escrito as súas impresións ou consideración) e a reforzar o cumplimento da obriga de formalizar nas actas correspondentes as reunións e os seus contidos e de trasladala por correo electrónico, sen excepción e nun prazo razonable, á coordinación do Grao. |
| Datas | Finalización: 30/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, Vicente A. Sanjurjo Rivo |
| Indicador asociado<br><br>Meta | Asistentes ás reunións de coordinación / número de actas formalizadas<br><br>Incrementar a asistencia das reunións de coordinación en 2 dos catro cursos do Grao /  Incrementar o número de actas formalizadas en dos dos catro cursosdo Grao |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-08 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Se detectaron problemas derivados da descoordinación dos tempos de descanso entre clases |
| Definición/<br>descrición proposta | Mellorar a coordinación, de xeito que non se entorpezca o normal desenvolvemento das actividades docentes |
| Datas | Finalización: 31/10/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Santiago Brage Cendán |
| Indicador asociado<br>Meta | Coordinación dos tempos de descanso entre clases<br>Coordinalos en dous dos catro cursos do Grao |

| | |
|---|---|
| **Código** | CGR-02 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 3 – Sistema de Garantía de Calidade |
| Análise causa | Unha das debilidades do SGC é a súa capacidade para xerar indicadores fiables que permitan a a avaliación, tendo en conta que as taxas de participación nas enquisas son baixas |
| Definición/ descrición proposta | Instar ao profesorado para que animen ao alumnado a cubrilas, deixándolles un tempo da súa clase. O coordinador de calidade do centro e o coordinador do Grao organizarán asimesmo unha reunión cos delegados e delegadas de clase para involucralos na tarefa de instar os seus compañeiros a que cubran as enquisas. Ademáis acudirán, durante o período no que se poidan cubrir as enquisas ás materias aos descansos de clase, para animar ao alumnado. |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, coordinador de calidade da Facultade de Dereito |
| Indicador asociado<br>Meta | Enquisas cubertas<br>Incrementalas |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-12 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Hai dúbidas nos docentes e no alumnado sobre algúns dos contidos do Regulamento (esencialmente sobre a modalidade de TFG consistente na elaboración/presentación dun proxectos e sobre os TFG de autoría colectiva) |
| Definición/<br>descrición proposta | Modificación do Regulamento dos Traballos Fin de Grao en Criminoloxía para precisar os requisitos e contidos dos TFG consistentes en proxectos e os de autoría colectiva |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2023 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe, Vicente A. Sanjurjo RIvo, comisión de docencia e calidade |
| Indicador asociado<br>Meta | Dúbidas / queixas sobre os contidos do Regulamento de TFG<br>Disminuilas |

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-14 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 3 – Sistema de Garantía de Calidade |
| Análise causa | É imprescindible mellorar o sistema de detección de queixas e reclamacións |
| Definición/<br>descrición proposta | Reunións do coordinador do Grao cos delegados/as de curso. As reunións terán carácter anual. |
| Datas | Finalización: 29/07/2024; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia<br>Responsables | Estado: Activa<br>Fernando Vázquez-Portomeñe |
| Indicador asociado<br>Meta | Número de reunións<br>Unha a lo menos |